

# As rúas de Betanzos

## Introducción ó seu coñecemento

ALFREDO ERIAS MARTINEZ\*

**A**s cidades, coma tódalas cousas deste mundo, van cambiando co tempo: a cada paso son diferentes, mais algo do pasado vai quedando. Esto pódese aplicar ás súas xentes, pero dunha maneira máis clara vese este devir nas casas, nas rúas, nas prazas... Dende un pequeno detalle ornamental ata o nome dunha rúa, calquera cousa pode delatarnos a historia da cidade, que é, naturalmente, a das persoas que lle deron vida.

Todo esto é particularmente interesante en cidades antigas, con tradición, nas que as súas xentes se senten orgullosas dun longo e significado pasado: Betanzos é un magnífico exemplo.

Mais se a Betanzos nos referimos, faltan algúns elementos destinados a axudar ós mesmos betanceiros, e por suposto ós visitantes, a formarse unha boa idea da cidade na que están, da rúa pola que andan, da historia humana do mundo que percorren. A conservación dos nomes tradicionais de rúas e prazas e a súa axeitada rotulación é, para conseguir todo esto, algo indispensable (1).

Para facer este traballo, confeccionamos un cadro, que máis adiante se presenta, no que se comparan os nomes oficiais de 1981 que hoxe ríxen, cos anteriores do s. XX, os da gran reforma de 1888, os de mediados do s. XVIII e os antigos e/ou tradicionais que se atoparon ata agora entre a documentación e a xente. Hai tamén nese cadro unha proposta de rotulación de rúas e prazas que nalgúns casos, ó referirnos á parte antiga da cidade, pode levar implícita a necesidade de cambio do nome oficial. Esta cuestión non se plantexa na parte nova, aínda que está moi claro que algún dia deberán revisarse tamén estes nomes con criterios o más obxectivos posibles. Namentres, o que si se propón é que tódolos nomes, antigos ou recentes, se escriban en lingua galega que é a nosa lingua nai.

A comparación que dese cadro resulta, deixa ver con claridade algúns elementos distorsionantes no conxunto dos nomes oficiais vixentes. Aplicando un criterio de reconstrucción cultural, conclúese desta sistematización que existen rúas e prazas que poden levar o nome que por tradición lles corresponde, sen que haxa ningunha variación con respecto ó oficial. Mais outras teñen variacións que van dende a pouca importancia á necesidade de sustitución do nome oficial polo antigo e/ou tradicional. Segundo todo esto, pódese establecer a seguinte tipoloxía da problemática (2):

1.— Rúas nas que coincide o nome antigo e/ou tradicional co oficial. Non hay aquí, evidentemente, ningún problema:

- Rúa da Cañota
- Rúa do Castro
- Rúa dos Ferreiros
- Rúa Nova
- Porta da Vila
- Rúa do Pozo
- Rúa dos [Prateiros]

### RÚA DA CAÑOTA

O nome de Rúa da Cañota (como *Calle de la Cañota* xa aparece no 1751), probablemente ven do máis antigo de Barrio da Cañota. Esta traslación do nome do barrio ó da rúa parece normal e onde vemos o proceso dun xeito moi claro é no paso de Barrio da Ribeira a Rúa da Ribeira... O nome de cañota ven de que alí houbo un souto de castaños. Estes, cando son moi vellos ou son atacados por algunas enfermedades, quedan completamente hocos e nestas condicións é cando a xente lles chama cañotas. A enfermedade chamada *da tinta* é a máis coñecida: consiste nun cogumelo que entra pola raíz e obtura os cañilares, producindo irremediablemente a morte

\* Alfredo Erias Martínez é arquiveiro-bibliotecario do Concello de Betanzos e director do Anuario Brigantino.

(1) Este traballo, que se orixinou nun informe que nos pediu o Excmo. Concello de Betanzos, ten por finalidade esencial: 1) coñecer a maior parte dos nomes das rúas, prazas, venelas, etc., tanto a nivel oficial como meramente popular; 2) explicar mínimamente os más significativos, e 3) aportar, en definitiva, elementos e ideas que permitan conservar un patrimonio cultural que a todos nos pertence. O resultado, en todo caso, non é máis que un primeiro acercamiento ó tema.

(2) A documentación máis utilizada foi: *Catastro de Ensenada*, 1751, Arquivo do Reino de Galicia; *Cuaderno de Apeo...*, 1919, Arquivo Municipal de Betanzos (= AMP); *Comparto o Repartimiento... de la Contribución de utensilios*, 1824, AMB; Padróns de habitantes (refírense a eles case tódolos datos que se obtiveron para nomes dende 1847 en adiante); Actas Capitulares (AMB);...



Vixta xeral de Betanzos, de Sur a Norte, datada no 1885. Repárese na única torre (a primitiva) da eirexa de Santiago, que desaparecería arredor do 1900 cando se edificaron as dúas torres neogóticas actuais. A dereita, destaca os ferros que rematan a Torre do Reló é á esquerda o tellado da Torre de Lanzós. Mais abaixo o famoso ciprés que estaba nunha horta pegada á 3.ª venela da Cortaduria que dende 1888 se chamaria "Calle de Sánchez de Taibo". Debuxo de Antonio Jaspe.

da árbore. A zona litoral, pola súa humedade, é a que millor favorece a propagación deste cogumelo: de ai que os poucos soutos de castaños que quedan en Galicia estean no interior. O nome de cañota así aplicado ainda oímos en Taboao (Carral) e recólleo tamén don Eladio Rodríguez González no seu *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* (Vigo, 1958): *Cañota s.f. Castaño secular cuyo tronco está hueco o carcomido en gran parte, que también se llama Caracocha. Algunos de estos troncos roídos por la carcoma son tan gruesos, que en ellos pueden cobijarse varias personas...*

## RÚA DO CASTRO

A Rúa o Castro é un nome antigo: polo menos documéntase no s. XV xunto con *Praça do Castro* (3) a actual Praza da Constitución. Refírese ó Castro de Unta que é o que da base a toda a cidade antiga. Na cima, ata onde vai a dita rúa, estaba a *croa* rodeada pola última muralla. Ali, hoxe está o edificio do Concello, a

Torre do Reló, a eirexa de Santiago, o pazo e torre de Lanzós, etc. En Betanzos a existencia deste castro coas súas murallas más ou menos concéntricas e os seus antecastros, terraplén, etc., foi determinante na configuración das rúas dende o asentamento de comenzaos do s. XIII. Aínda hoxe, ó traveso do plano ou da fotografía aérea, se pode ver bastante ben onde estaban estas murallas primitivas, estes antecastros, etc. (4). Do 1888 ó 1981 chamouse *C. de Sánchez Bregua\** e antes *C. de la Plaza*.

## RUA DOS FERREIROS

A Rúa dos Ferreiros debe ser bastante antiga. Dende logo figura no 1751, aínda que curiosamente nesa data non atopamos (no Catastro de Ensenada) ningún ferreiro traballando ali, dos 10 que había en toda a cidade. Esto quere dicir, que o nome da rúa ven de moito antes, cando si os había. E ó mirar esto mesmo para 1824 atopamos que de novo hai ali 3: José da Pena, José Asorey e Antonio Faraldo. No 1888 pasou a chamarse *Calle de Roldán* (5). No 1981

(3) Erias Martínez, A.: "Afonso de Carvalido", un "mercador" betanceiro do s. XV, cabecilla dos irmáñicos. Anuario Brigantino 1984 p. 14-18.

(4) Sobre este asunto véxase, entre outros: García Oro, J., *Betanzos en la Baja Edad Media*, Anuario Brigantino 1984, p. 21-32. Urgorri Casado, F., *Los nombres antiguos de Betanzos y los orígenes de la ciudad*, Anuario Brigantino 1982, p. 60-73. Monteagudo García, L., *Etimologías de topónimos coruñeses (II)*, voz *Betanzos*, *Untia*, *Betanzos*, Anuario Brigantino 1984, p. 42-46.

\* José Sánchez Bregua (A Coruña 1818-1897) foi xeneral do Exército, subsecretario do Ministerio da Guerra con Prim e á morte deste, capitán xeneral de Galicia. No 1873 foi nomeado xeneral en xefe do Exército do Norte e en setembro dese ano confióuselle a carteira de Guerra. Era ministro aínda cando se produxo o golpe de estado do 3-1-1874. No 1881 foi nomeado senador vitalicio, figurando no partido Liberal...

(5) Don Francisco Vales Villamarín nun informe sobre o "callejero" dado ó Concello de Betanzos no 1979 (e do que xentilmente nos falou don Vicente da Fuente García, ex Alcalde) di: "MANUEL ROLDÁN Y GIL — Conde de Taboada. Dueño de las casas de Illobre, Perbes y otras, caballero maestrante de Ronda y coronel de Milicias Provinciales. Fue regidor perpetuo, en propiedad, del Ayuntamiento de Betanzos, donde desarrolló una brillantísima labor. Nació en esta ciudad el 25 de diciembre de 1763, siendo sus padres, don Vicente Antonio Roldán y Aguiar, regidor también de la misma población, y la linajada dama doña María Antonia Gil de Lemos. Una de sus hijas, doña Francisca, casó con el jefe político y capitán general de Galicia don Pedro de Agar y Bustillo, miembro que había sido del Consejo de Regencia de España e Indias. Pasó a mejor vida, en su pueblo natal, el día 24 de noviembre de 1832, recibiendo sepultura en la capilla mayor de la iglesia de Santo Domingo, de cuyo convento era patrono.

El Concejo brigantino, como homenaje a la buena memoria de tan distinguida personalidad, dio el nombre de Roldán a la calle en que vio la luz primera, denominada antes dos Ferreiros, y en la que se conserva el palacio por él levantado —primer tercio del pasado siglo—, en cuya fachada principal, ennoblecíendola, campea un aparato escudo con las armas correspondientes a los apellidos Gil, Aguiar, Lemos, Rioboo y Roldán, emplazado allí algunos años después de su muerte, probablemente en la época de su hijo segundo y 13.º conde de Taboada, don Vicente, capitán de navío de la Armada Nacional.

Don Manuel Roldán se hallaba emparentado con el arzobispo que fue de Méjico, don Francisco de Aguiar Seijas..."



*Na Porta da Vila (ó fondo a Rúa da Fonte de Unta) a comezos do S. XX. Fotografía de Ferrer.*

este nome quedou para a parte superior (números 1-9, 2-6) e na de más abaixo recuperouse oficialmente o nome antigo e tradicional dos Ferreiros (números 11-final, 8-final).

#### RÚA NOVA

A Rúa Nova non é tan nova porque con ese nome documéntase xa nos primeiros anos do s. XVII e dese século parecen proceder boa parte dos ferros exteriores (barrocos) dos pechos das portas de algunas casas. Mais debe ser ainda anterior (6).

#### PORTA DA VILA

A Porta da Vila era a porta principal da cidade. Daba ó Sur e dende finais do s. XV constaba dun arco central (dous en realidade, máis pequeno o de fora, de xeito semellante á Porta da Ponte Nova) por onde se entraba e saía. Estaría flanqueada por dous torreóns almenados. Encima do arco, por fora, tiña 3 escudos que áinda hoxe se conservan: o de Galicia, o de Castilla e o da Cidade coa inscrición (que moi ben leu don Xosé Antón García, ainda que el non a publicou): LAS DEL REINO E LA CIBDAD. Esta

porta foi destruída no 1872 como consecuencia da “febre” dos ensanches. Mais tarde, entre 1903 e 1911, rematouse nese lugar o proxectado ensanche (7).

#### RÚA DO POZO

O nome de Rúa do Pozo data de 1981, ainda que como *Castro de Unta-Pozo* xa viña de antes. Con todo, non o atopamos no s. XIX. Como o manancial desa fonte antiga (a Fonde de Unta) sal baixo, nas primeiras décadas do s. XX (antes de facerse unhas escaleiras de baixada) había un pozo (e a xente chamáballe así), no que se collía a auga coa mesma sella. Dende a Guerra Civil (1936-39) chamouse á fonte ‘*Fuente del Soldado*’, pero esta denominación non tivo éxito a nivel popular. Díñ que a auga, por certo, ten propiedades medicinais: hai pouco ainda oímos que era moi boa “pós ollos e pós riñós”. Outra persoa dixonos que a que era “*boa pós ollos*” era a do Picho Carolo, hoxe desaparecida.

Como xa está fixado *Fonte de Unta* na rúa costeira que sube á Praza do Campo, pódese manter Rúa do Pozo, porque tamén é un nome tradicional.

(6) Do libro de Naya Pérez, J., *Calles y Plazas de La Coruña*, A Coruña, 1970, recollemos ó falar da Rúa Nueva dessa cidade (v.I, p. 34): “*La Rúa Nueva es una de las vías más antiguas de La Coruña... Parece ser, según... Caro Baroja en su reciente obra referente a los judíos españoles, que las vías denominadas “Nuevas” respondían siempre a que en ellas levantaban edificaciones los pertenecientes a la raza hebrea...*” De ser esto certo para Betanzos, teríamos dous asentamentos de xudeos; un aquí, quizás más antigo, en relación coas construcións das 3 eirellas góticas (San Francisco, Santa María e Santiago) que teñen elementos da Cultura xudea, e o lugar dos Xudeos, onde está a Rúa da Cruz Verde. Outras Rúas Nuevas atopámolas tamén en: Santiago; Cangas (Pontevedra), etc.

(7) Sobre a Porta da Vila, véxase entre outros: Vales Villamarín, F., *Betanzos monumental, as antigas portas da cidade*; Programa de Festas de S. Roque, Betanzos, 1981. Erias Martínez, A., *A Porta da Vila*, Ideal Gallego 15-I-1982. Núñez Lendorio, J.R., *Guía de Betanzos de los Caballeros*, León, 1984, p. 26, 27.

Sobre os ensanches: Erias Martínez, A., *O fenómeno dos ensanches en Betanzos, do ano 1870 ó 1920*, Ideal Gallego 11 e 12-XI-1982...

## RÚA DOS PRATEIROS

No caso do nome oficial, recuperado no 1981, de *Rúa dos Plateiros*, e preferible escribir Prateiros tal como debía decir a xente no s. XVIII. Un dos achádegos más importantes des-te traballo foi comprobar que é un nome relativamente recente, posto que data de pouco antes de 1769. Nese ano existe unha escritura de foro, que xentilmente puxo á nosa disposición a Família Couceiro, e nela dise, despois de describir a casa da actual “*Farmacia del Doctor Couceiro*”, que “...está situada al principio de la calle nombrada de los sombrereros y actualmente llaman de los plateros...”. Como queira que no 1751 no Catastro de Ensenada ainda non figura a dita rúa, senón a dos sombreireiros, hai que concluir que entre as dúas datas, 1751-1769, douse o cambio.

O que previsiblemente pasou co nome de Rúa dos Sobreireiros foi que se trasladou á más tarde coñecida (dende 1888) como 2.<sup>a</sup> Travesía da Rúa Travesa, pois é aí onde documentamos ó longo do s. XIX ata a súa desaparición no 1888. Parece evidente que o nome de Sobreireiros tivo sentido antigamente, mais xa non na segunda mitade do s. XVIII, posto que no Catastro de Ensenada non aparece ningunha persoa con ese oficio en toda a cidade. Curiosamente si haberá sobreireiros máis tarde, incluso no s. XX na mesma rúa (na actual dos Prateiros) e na Rúa Travesa, ainda que hoxe desapareceron. Prateiros sí os había: no 1751 hai en toda a cidade 8, así titulados, máis 1 oficial de prateiría, dos que 2 (Domingo Antonio Botana e Lucas Biqueira) estaban na R. dos Sobreireiros, actual dos Prateiros, cousa que deu motivar o cambio de nome da rúa. No 1824, na mesma rúa, hai 3 prateiros e hoxe hai un.

2.— Rúas nas que somente é preciso escribir o seu nome en lingua galega para que coincida co antigo e/ou tradicional:

Rúa dos Anxeles  
Rúa da Cangraxeira  
[Calexa] de Caraña  
Rúa do Carregal  
Rúa das Cascas  
Rúa da Cerca  
Rúa da Cruz Verde  
Travesia da Cruz Verde  
Rúa da Galera  
Rúa do Hórreo  
Rúa da Mariña  
Rúa de Nosa Señora do Camiño  
Praza do Peirao  
Rúa da Pescadería



Don César Sánchez San Martín, Alcalde da cidade nos anos: 1882-1884, 1886-1891, 1899-1905. Baixo a súa presidencia, en agosto do 1888 prodúxose un dos cambios más drásticos na denominación de boa parte das rúas.

Rúa do Rollo  
Rúa de San Francisco  
Rúa do Valdoncel

## RÚA DOS ANXELES

Ainda que sería más purista dicir Anxos, tamén é válido Anxeles, porque en galego figura dende época moi antiga e tamén na lingua literaria. A Rúa dos Anxeles (*Angeles* nos documentos, *Anxeles* para a xente) aparece no 1888 e comprendía dende o remate dos Soportais do Campo ata o que hoxe é a Rúa do Pozo. Abarcaba, polo tanto, a actual Rúa da Cañota. Hoxe xa non a abarca e vai deixa a fonte do mesmo nome. No 1613 (Libro da ‘‘*Cofradía del Clero, Apeo de bienes*’’, Arquivo parroquial da igrexa de Santiago de Betanzos) xa documentamos ‘‘*Fuente de los Angeles*’’ que debía ser moi anterior. Ela dou nome á rúa. Reformada a dita



*Este gran edificio que hoxe non existe, é a fábrica de curtidos de don Juan Pedro Lissarrague Etchard. Popularmente coñecíase como "A Granxa". Debuxo de Antonio Jaspe, 1885.*

Fonte no 1834 nun estilo neoclásico, conserva na parte superior do frente unha pedra de cantería de  $2,06 \times 0,6$  m., con dous escudos nela cinelados: o da esquerda é da cidade e o da dereita, con pequenas diferencias, é igual ó do arcediano Pedro de Ben que ten un sepulcro datado no 1525 na eirexa de Santiago. Son blasóns tipolóxicamente do s. XVI e hai que pensar que nesa primitiva construción había en releve ou en bulto, uns anxos (tan abundantes no renacemento e non digamos no barroco) que darían motivo ó nome da fonte e logo do camiño e da rúa. Anacrónicamente, no medio desa pedra descripta, fixose a inscrición que data a reconstrucción do s. XIX: POR EL AIUNTAMIENTO DE 1834. Mais queda outro elemento curioso nesa pedra: dous buxeiros, agora tapados con cemento, que revelan ser no pasado lugar dos caños cando a dita pedra estaba máis baixa (8).

#### RÚA DA CANGREXEIRA

Non hay ningunha Rúa da Cangraxeira na realidade. Nese lugar que está á veira do leito antigo da ría, ó Norte da vía do ferrocarril, hai unha fonte, (a fonte da Cangraxeira que documentamos no 1613, Libro da *Cofradía del Clero*, citado), mais ningunha casa. O nome ven dos cangrexos que noutro tempo deberon abundar

ali. A esa fonte chámasele “de San Gregorio” no plano da cidade feito por don Francisco Coello no 1865 para o Diccionario Madoz (Anuario Brigantino 1983, p. 96 ).

#### [CALEXA] DE CARAÑA

No 1888 púxose á antiga e popular Calexa de Caraña (*Calleja de...* nos documentos) o nome de *Travesía de Caraña* que mantivo oficialmente ata hoxe. Pero a xente resistiuase a chamarlle Travesía e conserva o tradicional (*Calexa de Caraña*).

#### RÚA DO CARREGAL

A Rúa do Carregal atravesa o lugar do mesmo nome, dende a Praciña de Alfonso IX (antiga de Cuchiñas e posteriormente do Valdoncel e Feira Nova) ata a Carretera de Circunvalación. Segundo o Profesor Monteagudo ven do nome latino *carex, caricis* que significa cana ou canaveira. E unha zona de marisma na que, nefeu, canas e xuncos foron moi abundantes. Verín (p. 42 da súa H.<sup>a</sup> de Betanzos inédita, 1812, AMB) fala dun *Carregadoyro*, ainda que noutro sitio. Di que no 1808 cando se empezou a abrir o camiño novo de Betanzos a Pontedeume e Ferrol (por onde hoxe vai a carretera), ó pasar por debaixo de Betanzos o Vello, no lugar da *Fontaiña*, nun

(8) Véxase tamén o que escribiu don Francisco Vales Villamarín: *Betanzos, A Fonte dos Anxeles*, Ideal Gallego 30-VIII-1981.

calexón que baixa ata o xuncal, á veira da ría, atopáronse “*texas enteras, medias texas, paredones subterráneos y otros indicios de que por allí hubo casas y habitaciones, y viven oy (1812) muchos sujetos que los vieron, y los del camino nuevo trabajando han descubierto esto, y también carbones, etc. Se remata este callejón en la baxada última con un promontorio de tierra que está de viñedo y a aquel sitio llaman aun oy o Porto... y remata este promontorio con un portillo que va al Juncal y llaman a éste el Carregadoiro; vaxo de el se halla aun una calzada, o empedrado por donde dicen subían a la Ciudad [Betanzos o Vello] todos los géneros que desembocaban por Mar*”.

Murguia (H. de Galicia I, 458) di que “en los tremedales de Betanzos se hallaron objetos de bronce”. E todas estas testemuñas servironlle a don Luis Monteagudo (*Galicia Legendaria y Arqueológica. Problemas de las ciudades asolagadas*. RDTP 4, 1956) para supoñer que se trataría de “ruinas portuarias”, quizais en relación co antigo asentamento de Brigantium (Ptolomeo II, 6,4).

## RÚA DAS CASCAS

A Rúa das Cascas ten o seu orixe no lugar do mesmo nome. Como rúa é do s. XX, sucedendo ó *Camino da Estación* que, en lingua castelán, se puxera no 1888 para referirse a ese elemento de progreso que era a liña do ferrocarril Palencia-A Coruña, inaugurada no 1883, e que en Infesta tiña a estación chamada popularmente, ainda hoxe, do Norte, referida á desaparecida “Compañía de los Caminos de Hierro del Norte de España”.

Fray Antonio Yépes no 1607 xa nos fala dese nome de lugar que pode vir de moito antes. Na súa “*Crónica General de la Orden de San Benito*” (Biblioteca de Autores Españoles, Madrid 1960, t. II. p. 281-2) relata o seguinte: “*Monasterio de las Donas de Genrozo; fué dada del conde D. Bermudo Páez a su hija D.ª Urraca el cual le unió al monasterio de Sobrado en la era de mil y ciento y ocheta y tres [ano 1145]; fué convento de mucha estima, y estando fundado cerca de la ciudad de Betanzos, era dueño el monasterio de todo lo que se llama Betanzos (que entonces la ciudad no estaba en el sitio que ahora tiene, sino una legua de él); dura hasta hoy el nombre de Genrozo, y un priorato insigne de este monasterio que se llama Las Cascas, sito a la falda de un monte que hasta hoy se llama el monte de la Condesa, porque de la infanta D.ª Urraca se hallan muchas escrituras y es llamada en ellas la condesa D.ª Urraca*”.

O nome de Cascas (tamén ó río Mendo se lle

chamaba *Río Cascas e hoxe o río das Cascas*) ben poidera ter relación coa actividade dos curtidos, moi tradicional na cidade, xa que a casca, sobre todo a de carballo polo seu outo contido de tanino, úsase dende moi antigo como curtiente para apelar a peles e según nos di don Eladio Rodríguez (Diccionario Encyclopédico Gallego-Castellano, voz *casca*): “en pasadas épocas se ordenaba que los CORTIDORES empleasen CASCA fresca y molida de dos o tres días, cuidando de «echar entre cuero y cuero dos dedos del alto de casca». Por los siglos XV al XVIII había en Galicia muchos molinos movidos por la fuerza hidráulica para moler la cáscara”.

No 1751 (Catastro de Ensenada) hai nada menos que 15 curtidores na cidade e no s. XIX atopamos xa fábricas en toda regla. Lucas Labrada (*Descripción económica del Reyno de Galicia, Ferrol, 1804, p. 28-29*) di que había no seu tempo “3 fábricas de curtidos de cueros, de Buenosayres, y del país...”. Un “*Subsidio industrial y de Comercio*” do 1878 (Arquivo Municipal de Betanzos) fálanos das seguintes 4 fábricas de curtidos: A de don Marcelino Etcheverría, fundada no 1837 e parada dende a 1.ª Guerra Mundial (1914-17), en San Pedro das Viñas, (ainda quedan as ruinas) tradicionalmente lugar da Magdalena e denominada “Fábrica de Curtidos La Magdalena”; “fábrica de... 9 noques, 761 pieles y 2 lechales en que reciben la última acción curtiente”; “1 molino para triturar corteza”. Fábrica de don Juan Pedro Lissarrague Etchard, tamén en S. Pedro das Viñas, por onde están hoxe os edificios da inseminación no Carregadoiro, de “... 6 noques, 394 pieles y 15 lechales en que reciben la última acción curtiente”; “1 molino para triturar corteza y fruto 3 meses al año”. Fábrica de don Salvador Montoto Varela (Alcalde da cidade no 1868 e 1874) en Tiobre (quizais a que tivo na Xerpe ou a que ainda queda hoxe ruinosa en Caraña de Abaixo, lugar Os Pelamios, e que pasaría en arrendamento a un dos irmáns Mendibur) de “... 4 noques, 280 pieles y 6 lechales”; “1 molino para triturar corteza”. Finalmente, a fábrica de don Bautista Mendiburu (Mendiburu según os descendentes) Echevestre (veu de Francia arredor do 1859) en Requián (na zona de Roibeira) de “... 4 noques de 1.ª y de 2.ª lechales”; “1 molino para triturar corteza”.

Ainda que no Catastro de Ensenada distinguese entre curtidores e zapateiros, mais atrás no s. XVI nunha relación de oficios de 1575 (Núñez Lendoiro, J.R., *Las ferias y mercados de Betanzos, Untia, 1, Betanzos, 1985, p. 19*) somente aparecen zapateiros, mais non curtido-



*Grabado de J. Blanadet no que se representa a “Fábrica de Curtidos la Magdalena” de don Marcelino Etcheverría. O fondo, á esquerda, vese a fábrica de curtidos de don Juan Pedro Lissarrague Etchard, e más lonxe o tren na Estación do Norte (polo tanto o grabado probablemente sexa posterior a 1883). Todos eran daquela elementos de progreso. Xentileza de don Javier Etcheverría.*

res, o que nos da a entender que eran os zapateiros mesmos os que curtían. Efectivamente, nas ordenanzas da Cofradía dos Zapateiros de 1596 (Vales Villamarín F.: *La Cofradía Gremial de los Zapateros*, A Coruña, 1981, p. 31 e ss.) no punto 13, para protexer os intereses do gremio nese aspecto dise: "... por ebitar algunos inconvenientes y daños que suelen suceder, ordenamos que ningun cofrade del dicho oficio pueda cortir ningun cuero... a ninguna persona que no sea cofrade de la dicha cofradía... porque de hzarse lo contrario, se laba mal la dicha coranbre y la dicha cofradía pierde su interés y derechos de la casa y ataona que para ello tiene diputada...". Di don Francisco Vales que esta casa estaba no lugar dos Pelamios (de pel) en Caraña de Abaixo, precedente da fábrica de don Salvador Montoto. Nese mesmo punto aparece varias veces a palabra "casca": "...conque algu-

*no tubiere nezesidad de casca para encascar, que en tal caso se le dejé cubrir su coranbre con tanta agua quanta cubriese los cueros y no mas..."*

Creemos, polo tanto, que é moi probable que o lugar das Cascas e, áinda máis concretamente "O Campón das Cascas" (onde se facía a festa do San Roque Pequeno o 17 de agosto e arredor do 1901 se edificou o lavadeiro), fose o sitio de depósito deste elemento destinado a ser moído por un muíño hidráulico que por ali habería.

#### RÚA DA CERCA

A Rúa da Cerca refirese á cerca, é dicir, á muralla da cidade, por encima da que vai entre a Rúa dos Prateiros (antiga dos Sobreireiros) e a antiga I.ª Venela dos clérigos, hoxe I.ª Travesía de Santa María. É un nome tradicional recuperado no 1981 despois de substituir a C. de Pardi-

ñas (9) que se puxera no 1888 e que á sua vez sus-tituiu a *C. de sobre la Muralla* que se documenta en todo o s. XIX e tamén no 1751, polo que debe vir de moito máis atrás. A Rúa da Cerca conta con dúas das portas antigas da cidade: a da Ponte Vella e a do Cristo da Ribeira, que se datan no s. XV.

En Santiago hai: *Callejón de Entrecercas*, *C. Entremurallas* e *C. Entremuros* (v. Rodriguez González, A., *Callejero de la ciudad de Santiago de Compostela*, 1979).

## RÚA DA CRUZ VERDE

Con relación á Rúa da Cruz Verde (que está sobre o Camiño Real que viña de Lugo, antiga vía romana), hai que dicir que é un nome moi repetido ali onde houbo unha xudería. Somente fi-xándonos nalgunhas capitais de provincia españolas, atopamos ese mesmo nome: Cádiz (*Plaza de la Cruz Verde*), Córdoba (*Calle...*), Granada (*Placita...*), Madrid (*Calle...*, *Plaza...*, *Travesía...*), Málaga (*Calle de la Cruz Verde* e *Plaza de la Cruz del Humilladero*), Palma de Mallorca (*Calle del Cristo Verde*), Salamanca (*Plaza...*), Santa Cruz de Tenerife (*Calle...*), Sevilla (*Calle...*), Toledo (*Calle...*), Valladolid (*Plaza...*), Vitoria (*Calle...*)... Tamén en Vigo (Pontevedra) hai unha rúa co mesmo nome. Porque, efectivamente, a Rúa da Cruz Verde de Betanzos atópase situada no lugar ou barrio dos Xudeos.

As xuderías eran barrios marxinais en tódalas partes, xa dende a Idade Media, áinda que con cambios na estima social deste grupo (os xudeos) según as épocas. Obxecto de sospeita e persecución por parte do Tribunal do Santo Oficio da Inquisición, aquí como noutras partes ti-veron que sufrir (áinda os que quedaron, supos-tamente convertidos ó cristianismo, despois da gran expulsión de 1492) o peso da Cruz Verde da Inquisición que é o símbolo dese dito Tribunal (véxase máis adiante Rúa do Rollo). Nos autos de fe formábase unha procesión espectacular e solemne na que os “calificadores” levaban a Cruz Verde cuberta cun crespón negro...

Hai aquí, polo tanto, un feito curioso, posto que se o normal é que as persoas tomen nome dos topónimos, no caso que nos ocupa ocorre ó revés. Do eufemismo *os da Cruz Verde*, é dicir, *os que castiga a Inquisición, que leva ou ten o símbolo da Cruz Verde*, pasouse ó nome de lugár *A Cruz Verde* e posteriormente á *Rúa da*

*Cruz Verde*, nome que documentamos desde 1751 ata hoxe ininterrumpidamente e que lóxicamente ven de atrás, creemos que polo menos do s. XVI.

A partir do Libro de Jaime Conterras, *El Santo Oficio de la Inquisición de Galicia*, Madrid, 1982, sabemos que no 1587 había en Betanzos 900 veciños e por cada 112 había un membro da Inquisición: 5 familiares, 2 comisarios e 1 notario: 8 en total, polo tanto. A presencia da Inquisición é moi forte a finais do s. XVI, sobre todo nas cabeceiras comarcais. A área costeira é a millor cuberta. Tratábase de controlar o comercio marítimo para impedir a entrada das ideas protestantes ó traveso de libros sobre todo.

No Betanzos de 1631 baixan os membros do Santo Oficio a 5 e no 1641, cando Betanzos ten 1.000 veciños, sobe a 6, sendo unha das 5 cidades de Galicia (as outras eran: A Coruña, Santiago, Tui e Ourense) que incrementou os efectivos inquisitoriais desde 1600. Porque, en xeral, hai unha maior permisividade do comercio pola grande crise económica. A tendencia, nesta época do s. XVII, é a que familiares e comisarios pertenzan ás oligarquías locais: é o caso en Betanzos do rexidor perpetuo Don Pedro Noguerido Figueroa que solicita no 1642 ser familiar da Inquisición e se lle concede.

O Tribunal do Santo Oficio da Inquisición en Galicia estaba en Santiago e de 1560 a 1700 as causas de sentencias foron por: xudaizantes, mahometanos, luteranos, proposicións, bigamia, contra o Santo Oficio, supersticións, confe-sores solicitantes, outras. Neste tempo foron os conversos xudaizantes os que sufrieron os más duros castigos ó traveso da confiscación de bens e da cadea.

## RÚA DA GALERA

O nome de Rúa da Galera é relativamente re-cente, pois púxose no 1888 (“*Calle de Galeras*”), sustituindo a *Callejón de Cuchiñas*. Gómez Navaza (El Mendo, 1890, n.º 76, AMB) consideraba acertado este nome “*pues allí se supone venían las naves ó galeras del tiempo de Mauregato y sucesores a buscar las doncellas que al Califia de Córdoba entregaban*”. É evi-dente a influencia desta lenda que todo o mundo coñece hoxe na cidade e da como certa. Verín no 1812 xa fala dela (p. 23-24). Mais, probablemen-te a quien se debe a súa grande popularización re-cente é a don Manuel Fernández y González (Se-

(9) Don Francisco Vales Villamarín no informe citado dicía: “RAMON PARDIÑAS VILLARDEFRANCOS.—General del Ejército español. Nació en Compostela, muriendo heroicamente en 1838 en el combate de Muelia (Aragón), Fallecido Fernando VII, defendió la causa de Isabel II. Publicista. Ha sido procurador en Cortes. Su ciudad natal y la capital de la nación dieron su nombre a sendas calles, al igual que hizo Betanzos a finales del pasado siglo. El Gobierno poco después de la desaparición de este aguerrido milite, creó el título nobiliario de marqués de Casa Pardiñas, que fue transmitido a sus directos descendientes. Nuestra calle de La Cerca o de Sobre la Muralla se denomina de Pardiñas, por el hecho de hallarse en tal lugar la mansión solariega de este egregio personaje, de la que se conserva en el zaguán del Palacio municipal una interesantísima piedra armada, recogida por nosotros no hace mucho” [hoxe no Museo das Mariñas].

PRAZA DE  
**ENRIQUE IV**  
ANTIGA  
**AIRRA VELLA**

RUA DA  
**CRUZ VERDE**

RUA DA  
**CAÑOTA**

RUA DO  
**CASTRO**

ANTIGA  
RUA DOS  
**FERRADORES**

RUA DOS  
**FARREIROS**

PRAZA DOS IRMÁNS  
**GARCÍA NAVARRA**  
ANTIGO  
CAMPO DA FEIRA

PRAZA  
DA  
**CONSTITUCIÓN**  
ANTIGA  
PRAZA DO CASTRO

RUA DOS  
**ANXOS**


RUA DA  
**CERCA**

RUA DA  
**CERVANTES**  
ANTIGA  
RUA 1º DA NOAS

RUA DA  
**FONTE DE LUNTA**  
ANTIGA  
RUA DA FRANCIA

RUA DA  
**GALERA**

ETIAS  
XI-1935



Dintel dunha casa osoportalada do Peirao, a n.º 10, que ten a inscrición: AÑO AV[E] MARIA DE 1780. A E foi destruída ó poñerse a placa co n.º 10. A M e a A están fundidas e a I é o remate da R. Trátase dunha datación que engloba unha invocación relixiosa (neste caso á Virxe) de protección. Agradecemos a don José Bellón Botana a comunicación deste importante achadego.

A última casa dos Soportais da Fonte de Unta (n.º 33) ten unha inscrición tamén no dintel que foi tapada recentemente con cemento. Os donos dixéronos que poña: ANO 1773. Por certo, esta casa construiuse sobre un paso que ía ata os Soportais do Campo e ainda hoxe se pode facer ese recorrido ó traveso dela.

villa 1821 - Madrid 1888), autor dunhas 300 novelas, en xeral de carácter histórico-lexendario por influencia de Walter Scott. Foi o típico escritor folletinesco, o rey da novela por entregas. Unha delas era “*El Tributo de las Cien Doncellas*”, que fora editada por “*La novela Ilustrada, director literario: Vicente Blasco Ibáñez, Oficinas: Mesonero Romanos, 42, Madrid*”. Máis tarde de 1884 (sen poder precisar data), atopámola en Betanzos (dona Dolores García Teijo donouna á Biblioteca Municipal). Tamén Galo Salinas e Rodríguez (A Coruña 1852-1926 que no 1891 publicou o drama histórico “*A Torre de Peito Burdego*” (10). Don Manuel Martínez Santiso na sua *Historia de la Ciudad de Betanzos* (empezada a publicar no periódico EL CENSOR no 1883 e definitivamente en libro no 1892) tampouco podía deixar de lembrar esta lenda... Verín no 1812 (p. 23) escribiría: “*El Mandeo la baña por el Oriente, y el de las Cascas por el Poniente, y por este lado hay vestigios de unas garitas echas contra tierra a orillas del río Cascas y de unos caminos empedrados acia ellas, y a toda la llanura que hay por aquella parte, llaman el Valdoncel y al juncal, que se ve del otro lado del río por aquella parte, llaman de la Galera.* D. Francisco Vales da Galera (informe v. nota 5): ‘lugar en que se encontraba emplazada una vieja prisión. En la capital coruñesa tenemos una calle con idéntico nombre que recuerda asímismo una cárcel allí

existente en pasadas centurias’. Na Coruña, según Naya Pérez (cit.) había unha cadea de mulleres na rúa dese nome: Galera. En Santiago hai unha Calle Entregaleras.

#### RÚA DO HÓRREO

A Rúa do Hórreo ven de 1888. Antes, xa dada no 1751, chamábbase *C. de la Puerta del Hórreo*. O dito hórreo, por ali situado, está nada menos que documentado no 1219 (“*Orreum*”) no privilexio de Alfonso IX (11) e pertencia ó mosteiro de Sobrado. E curioso como cerca dessa zona houbo tradicionalmente moitos fornos: nas primeiras décadas do s. XX había 5 e hoxe quedan polo menos 3. Quizais mantéñan a ubicación do pasado cando estaban cerca da matreira prima: o grau que había no hórreo.

#### RÚA DA MARIÑA

A Rúa da Marina, da Mariña en galego, é nome que se puxo no 1888 sustituindo a *C. de la Ribera de Abajo*. No s. XIX denominase con variacións diferentes (véxase cadro) e no 1751 chamábbase *C. de Abaxo de la Pescadería*. A *Mariña*, como lugar, parece documentarse no 1812 ó traveso de Verín (p. 16): “*De esta Ciudad es la Casa y Mayorazgo de Fernán Díaz de Riva de Neira que fue Regidor de ella y Señor de la de Marcote, que está en la Marina, y de la de Vasamonde. Verdad sea que esta de Vasamonde no está en el distrito de Betanzos*”.

(10) Don Eladio Rodríguez González no seu *Diccionario Encyclopédico Gallego-Castellano* (Vigo, 1958) di: “*Peito bordel o peito burdego, pecho tributo de cincuenta doncellas nobles y cincuenta plebeyas que Mauregato, rey de León, Asturias y Galicia, se obligó a dar anualmente al rey de Córdoba. Hay quienes afirman que este tributo no existió y es obra de la fantasía o de la leyenda. Los que dan crédito a ésta dicen que cerca de las traviesas, lugar próximo a Betanzos, había una antigua cueva y un sitio llamado peito burdel, donde se cuenta que se reunían las cien doncellas, pero todo ello es realmente fantástico. A juicio de varios investigadores, el nombre de peito bordel no tiene la significación que sirvió para inventar la leyenda, pues bordel, del verbo bordar, es lo mismo que solear, o sea poner segunda yunta a la que va tirando de un carro para ayudarla a vencer alguna cuesta. Esta servidumbre, que todavía subsiste entre nuestros campesinos, debió utilizarse para levantar o reparar la torre, que por esto se llamó de peito bordel, pecho de ayuda, dando lugar después a que el bordel gallego se tomase por el burdel castellano, de donde sin duda viene la falsa tradición*”.

(11) Esse documento que permite o traslado de Betanzos desde *Betanzos o Vello* en Tiobre ó Castro de Unta, fora publicado por Julio González e César Vaamonde Lores, mais recentemente tamén por José R. Núñez Lendoiro e José E. Rivadulla Porta no Programa de Festas de San Roque, 1985. En Santiago tamén hai unha Rúa do Hórreo, e tamén un Campo do Forno, semellante a *Plazuela del Horno* que se documenta en Betanzos no s. XIX. A comezo da Rúa Nova hoxe ainda persiste ese forno.

RUA DE  
NOSSA SENHORA  
DO  
CAMIÑO

RUA DOS  
PRATEIROS

RUA DE  
LANZOS

RUA DA  
PESCADERIA

RUA DO  
PASTEL

RUA DA  
RIBEIRA  
ANTIGA  
R. DO ALFOLÍ

PRAZA DO  
PEIRAO

RUA DE  
QUIROGA  
ANTIGA  
RUA 2º de NOAS

RUA DA  
PASTELERIA

RUA DO  
POZO

RUA DE  
SANTIAGO

RUA DA  
MARIÑA

RUA DO  
ROLLO

PORTA  
DA  
VILA

RUA DO  
PINCHE

RUA DO  
HÓRREO

RUA DA  
VERGEM  
ANTIGA

RUA  
NOVA



## RÚA DE NOSA SEÑORA DO CAMIÑO

A Rúa de Nosa Señora do Camino é nome que se documenta no s. XIX (probablemente ven de moito antes) ata 1888, cando se cambia por *C. del Cementerio*. Posteriormente, retomouse o nome tradicional e hoxe é o que se conserva. Refírese ó Santuario do mesmo nome, tamén chamado *dos Remedios*. Este atopábase en principio nunha capela, presumiblemente románica, que foi substituída no s. XVI pola gran igrexa renacentista (rematada no 1601) que hoxe coñecemos. Na Rúa de Nosa Señora do Camiño confluen dous camiños de Santiago: o que ven da costa cantábrica dende Ribadeo e o que ven do mar por Ferrol (12).

## O PEIRAO

O Peirao é nome que se documenta en todo o s. XIX, mais debe ser moi anterior (13). Tradicionalmente aplicase á zona que queda xusto ó N. da Ponte Nova entre a Rúa da Ribeira e o remate do río Mendo. Aquí chegaban, ainda a comzos do s. XX, barcos de pau alto para cargar e descargar area.

Peirao é un porto pequeno e había máis na cidade: outro antigo era o que estaba en Paio Formoso... Esto explica que no Padrón de 1859 haxa unha "I.ª Plazuela del Peirao" que, pola ordenación, poidera referirse á popularmente coñecida hoxe como *Praza do Cristo* cerca de Paio Formoso. Nese ano tamén se documenta a *C. 1.ª de Ruedas* e a *C. 2.ª de Ruedas* que deben ser as dúas travesías que, indo dende a Ponte Vella pola Rúa da Ribeira, hai frente ás Escolas Novas de San Francisco polo N., anteriores á *5.ª Travesía de la Marina*.

A función portuaria do Peirao hoxe desapareceu case por completo e a xente xa non sabe mesmo o que significa esa palabra.

## RÚA DA PESCADERÍA

A Rúa da Pescadería actual ven de 1888 (antes dessa data era abarcada pola Rúa da Cortaduría) e vai dende a cima da Rúa de Cervantes ata a de Sánchez de Taibo, remitindo o seu nome á pescadería que está cerca da igrexa de Santa María dende o s. XIX, áinda que con distintos edificios sucesivos (o actual data de 1951). O edificio da pescadería antiga, do que xa se teñen referencias na Baixa Idade Media, estaba situado (segundo nos referiron algúns veciños e por algunha parede vella que ainda queda) no

medio das casas que hai entre a 2.ª e a 3.ª travesías da Mariña.

## RÚA DO ROLLO

En todo o s. XIX atopamos o nome de *Calle del Rollo*, ainda que cambiando de lugar presumiblemente, ata o 1888 en que se sustitue por *C. de la Alhóndiga*. Don Juan Gómez Nevaza (El Mendo, 1890, n.º 77) considerando ese cambio un gran error di: "Por si no lo saben, Rollo es equivalente a picota hecha de piedra y en forma redonda o de columna, y era insignia de la jurisdicción de villa". Non andaba descamiñado. Convén matizar, eso si, que rollo e picota son dúas cousas diferentes, áinda que chegaron a confundirse en moitos lugares, tamén en Betanzos, por utilizarse para o mesmo. A construcción era semellante: xeralmente consistía nun fuste de columna de pedras que, ás veces, remataba nunha cruz.


Como *Rollo*, era insignia de xurisdicción, separando señorios, términos municipais, etc. Como *picota*, servía para mostrar públicamente ós delincuentes, e tamén as obras mal feitas dos membros dos gremios... Esta pena de mostra pública xa aparece nas *Partidas*, considerándose como a última das penas leves (lei 4, tit. XXXI, part. 17). Tamén se poñía nelas, para escarmientar ó pobo, os restos dos axusticiados, sobre todo a cabeza. En Betanzos, a utilización do *rollo* como picota xa se documenta no 1579 (don Francisco Vales Villamarín: *La Cofradía Gremial de los Zapateros, La Coruña, 1981, p. 28*) ó condonar as autoridades locais ó zapateiro *Juan Montouto el Biejo* (por vender zapatos supuestamente trampeados) a pagar "seiscientos maravedís... y mandamos que los dichos zapatos sean puestos en el Rollo...".

Mais, ¿onde estaba ese rollo?. O médico betanceiro don José Angel Vázquez xentilmente nos proporcionou datos extraordinarios ó lembrar contos de súa avoa quen, cando tiña uns 10 anos (pola década de 1880) viu o último axusticiamento feito na cidade e quizais en España.

O rollo (e picota) estaba (sigue lembrando) por onde hoxe está o Asilo Manuel Naveira e ali tivo lugar o axusticiamento. Non esquenzamos tampouco que foi por ali (xunta o cruceiro da Cruz Verde) onde fora fusilado no 1846 o Sarxento Samitier por participar na *revolución* dese ano. Porque a Rúa do Rollo non era exactamen-

(12) Véxanse os dous traballos de don Francisco Vales Villamarín: El Santuario de los Remedios de Betanzos, A Coruña, 1968. *Las antiguas rutas jacobeas del territorio brigantino, IV itinerario, A Coruña, 1975.*

(13) No 1752 (*Real de Legos do Catástro de Ensenada*) tamén se documenta un *Peirao* en Cangas (Pontevedra). Rodríguez Ferreiro, H.M.: *Economía y población rural en la Galicia Atlántica; la jurisdicción del Morrazo en los siglos XVII y XVIII*. Santiago, 1983 (tésis inédita).



Igrexa de San Francisco. Debuxo de Jaspe, 1885.

te a que hoxe coñecemos, senón que ía dende a parte de enriba ou a cima da actual (onde había un cruceiro e empeza o camiño de Roibeira) pola que hoxe é a *C. de Rosalía de Castro* ata a Cruz Verde (14). Esto explica o feito de que no 1824 haxa unha *C. del Rollo* con 6 veciños, diferente da *C. del Peso* que tiña 5 (en Santiago tamén hai un Callejón del Peso). Esta refírese ó edificio do Peso ou da Alhóndiga (onde se pesaban e tasaban os cereais) que estaba pegado polo S. ó convento de Santo Domingo. Polo tanto, esa *C. del Peso* ía por onde hoxe vai a R. do Rollo (quizais a parte de abaixo). A fusión dos dous nomes vaise vendo a todo o longo do s. XIX (véxase cadro) ata que no 1887 (Padrón de Habitantes) aparece somente *C. del Rollo* no lugar de hoxe, é dicir, onde estivera a *C. del Peso* ou da *Alhóndiga* (no 1594 xa de documenta unha "alhóndiga" na cidade). Da situación primitiva de Rúa do Rollo (millor, camiño do Rollo) foise perdendo memoria. É como unha loita entre as dúas posibilidades: Peso ou Alhóndiga por unha banda e Rollo pola outra. Esa loita seguiu no 1888 ó desaparecer Rollo e poñerse Alhóndiga. No s. XX poñerase *C. de la Argentina* e cando no 1981 se impón a recuperación do pasado, gaña Rollo, pola sinxela razón de que permanecía na xente, mentres que o nome de Alhóndiga desapareceu co edificio.

Volvendo a ese rollo-picota antigo, é interesante observar a súa situación. Está moi visible, nun cruce de camiños á entrada da cidade (cerca do cruceiro da Cruz Verde): o de Castilla (hoxe *N. VI* ou *Avenida de Castilla*) e o vello ou Real que

ía pola Cruz Verde, mais tamén tiña outro ramal que cruzaba pola antiga R. do Rollo e actual *C. de Rosalía de Castro* para empalmar co que iba á Ponte das Cascas. Este camiño é o que o Professor Monteagudo considera como a via "per loca maritima" que viña de *Lucus Augusti* (Lugo) ata *Brigantium* (cerca de Betanzos) e de aquí a Bracara Augusta (Braga) (15). Mais é preciso considerar tamén que ese rollo-picota estaba frente á Rúa da Cruz Verde no barrio dos Xudeos e eso é moi significativo, posto que os xudeos foron, case sen dúbida, os que máis sufrieron secularmente esa picota polas persecucións da Inquisición (v. detrás a R. da Cruz Verde). Non é de extrañar que as Cortes de Cádiz no decreto do 16 de maio de 1813 ordenaran destruir os rollos que representaban á xurisdicción señorial. En Betanzos non era o caso e non sabemos de momento o que pasou, mais é certo que nos periodos de vixencia dessa Constitución no s. XIX, eses símbolos do terror foron deseitados en moitos lugares.

## RÚA DE SAN FRANCISCO

A Rúa de San Francisco xa a atopamos con ese nome (Calle de...) no 1751 e quizais veña mesmo do s. XIV. Arredor do 1922-23 sustituiuse por *C. de Ana González* (muller do benefactor don Gonzalo González que sería Alcalde nos anos 1939-40) e no 1981 recuperouse o nome antigo e tradicional. Refírese á igrexa e convento de San Francisco ali existente dende o s. XIV con antecedentes posibles xa no s. XIII.

(14) Véxase plano da cidade feito por don Francisco Coello no 1865 para o Diccionario Madoz (Anuario Brigantino 1983, p. 96)...O Rollo primitivo, en calquier caso, mais que rúa é un camiño.

(15) Luis Monteagudo García: *Provincia de Coruña en Ptolomeo*, "Archivo Español de Arqueología, primer semestre", Madrid 1953.

## RÚA DO VALDONCEL

A Rúa do Valdoncel (Bandonzel no 1751) é a que vai dende a Praza do Campo (hoxe dos Irmáns García Naveira) ata a Ponte Nova. Ten por base o lugar do Valdoncel que se aplica ás terras que están por esa parte cerca do río Mendo (río Cascas en documentos do s. XVIII e XIX). Don Francisco Vales (*Las Antiguas Rutas Jacobeanas del Territorio Brigantino, La Coruña*, 1975) supón que este nome ten relación co diminutivo latino *juncellu*, derivado de *juncus*, xa que ademais trátase dunha zona de xuncal. Como rúa aparece no 1751 convivindo con *C. de Cachiñas* (16) e *C. del Puentenuebo*, pola zona, nomes ós que desplazaría no 1888.

3.— Rúas que levan oficialmente un nome que xa se pode considerar como tradicional, pero non obstante sustitue a outros más antigos que deben recuperarse dalgún xeito, polo menos nas placas ou rótulos que se poñan, ó traveso de expresións como “antiga/o”, “antes”,... E no caso de que unha rúa ou praza teña varios nomes antigos, preferirase o máis antigo de todos, salvo que ese xa estea recuperado noutro sitio:

Rúa de Cervantes, antiga Rúa 1.<sup>a</sup> de Noas.

Praza da Constitución, antiga Praza do Castro.

Praza de Enrique IV, antiga Aira Vella.

Rúa da Fonte de Unta, antiga Rúa de Francia.

Praza dos Irmáns García Naveira, antigo Campo da Feira.

Rúa de Quiroga, antiga Rúa 2.<sup>a</sup> de Noas.

Rúa da Ribeira, antiga Rúa do Alfóli.

Rúa de Santa María, antiga Rúa dos Clérigos.

Rúa de Santiago, antiga Praza da Verdura.

Rúa da Torre, antiga Rúa da Cortaduría.

Rúa de Xosé Veiga Roel, antes 2.<sup>a</sup> Travesía do Progreso.

RÚA DE CERVANTES, antiga RÚA 1.<sup>a</sup> DE NOAS

A Rúa de Cervantes (relativa ó autor do Quixote, don Miguel de Cervantes Saavedra) púxose no 1888 sustituindo a *C. 1.<sup>a</sup> de Noas*. NO rexistro da Propiedade tamén *1.<sup>a</sup> venela de Noas* (17). No 1751 somente hai unha *C. de las Noas* que é esta mesma. Don Francisco Vales Villamarín (*Temas brigantinos: La rúa de Cer-*



A Rúa Segunda de Noas (dende 1888 “Calle de Quiroga”) no 1885. Debuxo de Antonio Jaspe.

vantes) di que o paso de *Noas* a 1.<sup>a</sup> de *Noas* (véxase cadro) tivo lugar ó abrirse unha rúa parella que se chamaria 2.<sup>a</sup> de *Noas* e hoxe, dende 1888, Rúa de Quiroga (don Antonio Quiroga y Hermida, xeneral brigantino, levantouse con Riego en Cabezas de San Juan no 1820 contra Fernando VII). Tamén di don Francisco: “En el año 1600 la rúa Primera de *Noas*, en una escritura pública (protocolo de Juan Pérez Alvarez, fol. 307 r. y v.), aparece designada como calle de las Moas recordando tal topónimo las mómoas o medoñas que han existido en ese lugar, destruidas, sin duda, al realizarse las obras de urbanización de aquel sector”. Existe o río *Noa* que é afluente do Tambre e vai entre Boimorto e o Pino (trátase, polo tanto, dun nome moi antigo ó ser dun río). Rodríguez González, E. (Dicc. citado), voz NOA: “Medida cuya capacidad o extensión se desconoce. En un documento gallego antiguo se habla de un terreno que media «catro noas».” (18).

(16) Rodríguez González, E. (Dicc. citado), voz *cachíño*: “variedad de uva tinta, dulce y muy atacada del oidium”. ¿Eran antigamente as hortas de Cachiñas viñedos?

(17) Venela según don Eladio Rodríguez (cit) é: “Callejón estrecho entre viviendas, que sólo está destinado al tránsito para los dueños o vecinos colindantes a uno y otro lado”. Para ver esta e outras palabras... que se aplican ós diferentes ámbitos públicos da cidade, véxase o libro do Partido Socialista Galego. As Rúas da Cruña: por un nomenclator urbano galego, racional e democrático, publicado nesa cidade no 1978.

(18) NO Diccionario Encyclopédico Español, voz NOAH atopamos: “Vid híbrida producto del cruzamiento de la *Vitis Vinifera* y de la *Vitis Labrusca*... bastante resistente a la filoxera... Aunque es planta muy fructífera no se cultiva hoy... por considerarse inferior a otras muchas vides”. Dende logo, que *noa* teña que ver con cultivos ou con medidas que se refiran a cultivos, é algo que parece posible, ainda que haberá que confirmalo. E probable que con *noas* teña relación o nome de *Soportales de Noeses* (Padrón de 1857) que son os que quedan á dereita baixando pola Rúa da Fonte de Unta. Noa tamén se empieza como novena. ¿Quizais a novena parte dunha medida cujo nome desconocemos?

## PRAZA DA CONSTITUCION, antiga PRAZA DO CASTRO

A Praza da Constitución de hoxe (*La Plaza* no 1751 por ser tradicional lugar de mercado) ten o seu precedente na *Plaza de la Constitución* ó comezo do s. XIX, referida á Constitución de Cádiz de 1812. Antes, no s. XV, documenténtase Praça do Castro (v. detrás R. do Castro). É o lugar máis alto da cidade, onde está o Concello, e escenario dende os comezos da cidade das maiores manifestacións políticas (sobre os irmandiños, v. nota 3). Segundo as alternancias no poder ó longo do s. XIX (19) atopámos, ademais de *P. de la Constitución*, nomes como: *Plaza Real de Fernando VII* (1814-20), *Plaza Real* (docm. 1824 en época absolutista, *Plaza de Quiroga* (1820-23, trienio liberal)... Con todo, o nome de Constitución foi o que más persistiu nas sucesivas alternancias ata que, como consecuencia da Guerra Civil de 1936-39, se substituiu por *Plaza del General Franco*. Morto este personaxe no 1975 e promulgada a Constitución de 1978, púxose no 1983 o nome actual.

Saindo desta praza, entre a igrexa de Santiago e o pazo de Bendaña, vai o Calexón do Adro.

## PRAZA DE ENRIQUE IV, antiga AIRA VELLA

O sentimento romántico-historicista que existia na segunda mitade do s. XIX debeu ser o que propiciou que no 1888 se puxera o nome de *Plaza de Enrique IV* (PRAZA DE ENRIQUE IV en galego), Rey este que concedeu a Betanzos unha feira franca anual e o título de cidade no 1465 (20). Sustituiu a *Aira Vella*, mais, non obstante, os dous nomes conviviron e *Aira Vella*, que documentamos no 1819, non desapareceu da memoria da xente. Nese lugar os veciños mallaban os cereais, lavaban as mulleres no río e era (sígueno sendo doutro xeito) o lugar comunitario. De frente, deixa o N., había unha gran edificación moi fermosa con soportais que documentamos no 1751 ó traveso do Catastro de Ensenada. Tiña 2 vivendas (posteriormente tería 3). Unha (da que queda unha parte) era de Don Juan Antonio Camba "...situada en la calle del Puenteviejo y con quarto vajo y principal, tiene diez y ocho varas de frente, y veinte y siete de fondo... confronta a la derecha con casa de D.<sup>a</sup>"



"Soportales de Noeses"

Manuela Maldonado y a izquierda con el Río mando". A casa de D.<sup>a</sup> Manuel Maldonado (da que hai pouco desapareceron das ruinas os fermosos capiteis dos soportais) describese así: "...con quarto vajo y principal, tiene seis varas y tercia de frente y treinta de fondo".

## RÚA DA FONTE DE UNTA, antiga RÚA DE FRANCIA

O nome de Rúa de Francia (por ser camiño de peregrinación a Santiago) aplicado na Idade Media á actual Rúa da Fonte de Unta, atopámolo no traballo de Don Antonio Barge Rodríguez, *Camino de Santiago en la Comarca Brigantina, Betanzos, 1969, fotocop. en Biblioteca Municipal de Betanzos*: "... seguían los peregrinos bordeando el recinto amurallado... de la calle de las Monjas, como hoy se denomina, y que por entonces era conocida con el nombre de calle de Francia". Don Francisco Vales (*Las antiguas rutas jacobinas...*) tamén di: "...rúa de Francia, según parece, en la Edad Media". Son referencias pouco precisas, mais ahí están.

Como *C. de Fuente Unta* atopámola no 1751. No 1857 chamábanse os soportais que a flaquean pola dereita, baixando, *Soportales de Noeses* (os que están abaxo, encima da actual Rúa do Pozo, eran os *Soportales da Fonte de Unta*). E posible que teña que ver esa palabra, *Noeses*, con *Noas*.

Aquí, como noutras rúas, asistimos a unha loita entre dous nomes: *Monjas* e *Fonte de Unta* (véxase o proceso no cadro). Conviviron no 1824, sendo a *C. de Monjas* probablemente a parte cha de abaxo e *C. que baja al Fuentedeunta* a parte costeira. Xuntos aparecen no 1871 (*C.*

(19) O 20 de maio do 1814 o Concello de Betanzos para festexar o regreso de Fernando VII (según nos conta don Manuel Martínez Santiso na súa *Historia de la ciudad de Betanzos*, Betanzos, 1892, p. 425-427) salió polas rúas con maceiros e o pendón da cidade, conduindo procesionalmente o retrato do Rey: "... dando mueras a la Constitución, a las Cortes y a todo lo que ellas habían legislado". Elevo ó Rey un escrito de adhesión do que entrescamos: "...En seguida se procedió a fijar la inscripción de Plaza Real de Fernando VII en el lugar donde se había mandado poner la de la Constitución ya borrada..."

(20) Vales Villamarín, F.; 1465, *Privilegio de Enrique IV concediendo a Betanzos el título de ciudad y confirmación por el propio monarca de esta importante merced*. BRAG, Doc. Hist. t. IV. A Coruña, 1976. 1467, *Privilegio de Enrique IV de Castilla concediendo a la ciudad de Betanzos una feria franca anual*. BRAG, Doc. Hist., t. III, A Coruña, 1969.

de la Cuesta del Fuentedeunta y Monjas) e no 1888 gaña *C. de las Monjas*. Finalmente no 1981 outra vez se recupera Fonte de Unta.

## PRAZA DOS IRMÁNS GARCIA NAVERA, antigo CAMPO DA FEIRA

Verín na p. 35 do seu manuscrito di: “*El campo es el llamado de la feria por juntarse en él los ganados, y mercancías principales*”. É por esto que a pesar de tódolos nomes que dende o Concello se lle puxo, ese *Antigo Campo da Feira* sigue sendo *O Campo* ou a *Plaza do Campo* para a xente. Está situado ó pé da cidade antiga polo S. e hoxe ainda sigue mantendo esa función medieval de campo da feira, mais sen gando. No trienio liberal (polo menos no 1920-21) chamouse *Campo de Agar* (21). No 1888 *Plaza de Cassola* (22) ata 1897 no que se puxo *Plaza de Arines* (23), que á súa vez desapareceu arredor de 1920-25 substituído por *Plaza de los Hermanos García Naveira* (24) que seguiu ata hoxe.

## RÚA DA RIBEIRA, antiga RÚA DO ALFOLÍ

O nome de Rúa da Ribeira procede do barrio do mesmo nome que é lóxicamente anterior. Foi posto no 1888, abarcando a antiga *C. del Alfoli* máis a *C. de Arriba de la Ribera* que antes se chamara *C. de Arriba de la Pescadería* (v. cadro). En conversa cun argelino soupmos que en Argelia chaman *el fatí* a un buxeiro grande, un depósito, que fan os nómadas no deserto e no que gardan o sal que tapan con area para que non sexa descuberto e ademais se conserve. Esto pode explicar as raíces árabes que semella ter Alfoli (25). A Rúa do Alfoli ía dende a Ponte Vella ata a Porta do Cristo.

Esas *C. de Arriba* e *C. de Avaxo de la Pescadería* (hoxe Ribeira e Marina) implican a existencia da pescadería antiga no medio das dúas, mais tamén como comprobamos, a existencia dunha rúa: a *C. da Pescadería Vella*, tal como aparece en documentos de propiedade dalgúns casas e ainda na memoria dalgúns veci-



O romántico ciprés que estaba xunto á 3.ª venela da Cortadura, visto dende a Praza da Verdura. Sería cortado arredor do 1940. Debuxo de Antonio Jaspe.

nos. Viña dende o Peirao. Cruzaba a *Plazuela del Curro* (nome documentado no s. XIX e que pervive na xente) que está entre a Ribeira e a Marina e ábrese á 2.ª *Travesía de la Marina*. Sigue pola *Plazuela de Calderón* (nome popular rexistrado nas actas capitulares de 1909), hoxe coñecida por *Plaza de Landán* (alcume dunha familia que vive ali) na 4.ª *Travesía de la Marina*. E chega á popular Praza do Cristo (tamén chamada *Plazuela de la Marina* nun plano de 1926)

(21) Sobre este personaxe, véxase o traballo de don Francisco Vales Villamarín: Don Pedro de Agar y Bustillo; algunos subsidios para su biografía. BRAG. A Coruña, 1956.

(22) Don Manuel Cassola y Fernández (Hellín, Albacete 1838-Madrid 1890) foi teniente xeneral, deputado a Cortes e ministro da Guerra (este cargo dende 1887 e 1889). O Concello de Betanzos, ó poñer o seu nome á Praza do Campo no 1888, pretendía que voltara o exército a residir en Betanzos, cousa que non conseguió.

(23) O 3 de maio de 1897, sendo Alcalde don Claudio Ares Lorenzo, acordouse ó morrer don Juan Arines Montenegro (notario e persoa de gran influencia na cidade), “que para perpetuar su memoria se de a la plaza de Cassola el nombre de plaza de Arines”.

(24) O poñer este nome ó Campo, don Xesús García Naveira aparece representado en dous lugares: no Campo, xunto a seu irmán don Xoán, e na Avenida Jesús García Naveira. O 11 de xunio de 1912, sendo Alcalde don César Sánchez Díaz, acordouse no Concello “que a una de las calles de esta Ciudad se le dé el nombre de Jesús García Naveira y, para evitar los inconvenientes que trae consigo el andar cambiando los nombres a las calles que ya proceden de antiguo, la más adecuada para tal objeto es la que partiendo de la plaza de Arines va a las Cascas, que se denominará Avenida de Jesús García Naveira...” Don Xesús morrera o 24 de marzo de 1912 en Argentina. Sobre estes personaxes v.: de la Fuente Garcías s.j., voz *García Naveira* da Encyclopédia Gallega. Rodríguez Crespo, M. Lucha y generosidad de los Hermanos García Naveira, Betanzos 1983.

(25) Da palabra Alfoli J. Coroninas (*Diccionario Crítico Etimológico de la Lengua Castellana*, Madrid 1954) di: “*Granero*”, “*almacén de sal*”, *del Hispanoárabe Huri (drábe hurý) “granero”*”, I.º documento 1256-63, Partidas...” No “*Privilegio de Enrique II (1372) concediendo al Concejo y vecinos de Betanzos determinadas mercedes*” (Francisco Vales Villamarín “...El Sepulcro de Andrade “O BOO”, Anuario Brigantino, 1949) dise: ...“mas queremos e mandamos e otorgamos, pro acrecentamiento de la dicha villa, e para fornimento e mantenimiento de los muros e cercas della, los vecinos de la dicha villa puedan tomar para si, para siempre, de cada un ano, quando e cada que quisieren, hasta sien moyos de sal, forros e quitos de alfoli....” No 1700 en Bouzas (Vigo) documentábase tamén unha rúa do *Alfolí*.



cerca de Paio Formoso. Esta rúa xa debía existir na Baixa Idade Media.

#### RÚA DE SANTA MARÍA, antiga RÚA DOS CLÉRICOS

O nome de Rúa de Santa María que alude á igrexa do mesmo nome, documentáse como *Calle de...* no s. XIX (ver cadro) e ininterrumpidamente ata hoxe. Mais no 1751 chamábase *C. de Clérigos*, nome que non debe perderse, posto que explica unha característica tradicional: a de ser residencia de clérigos.

#### RÚA DE SANTIAGO, antiga PRAZA DA VERDURA

A Rúa de Santiago, aparece con este nome (en castelán) no 1888. Sustituiu a *Plaza de la Verdura* que se documenta polo menos dende

1865 e refirese ó feito de que era ali onde se vendía esta verdura ou hortalizas. É nome fermoso que non debe perderse.

#### RÚA DA TORRE, antiga RÚA DA CORTADURÍA

A Rúa da Torre, púxose como tal nome, en castelán, no 1888, referíndose á medieval torre de Lanzós (26). Sustituiu a *C. de la Cortaduría* (hoxe diríamos carnicería) que xa se documenta no 1751. Nesta data abarcaba as actuais R. da Torre e más a R. da Pescadería. E había 22 veciños, dos que, polo menos, 7 eran *cortadores*. Era unha típica rúa gremial, polo que ese nome debe recuperarse. Na Coruña hai unha rúa na cidade vella co mesmo nome.

(26) No primeiro tercio do s. XVI Fernando Colón no seu *Itinerario y Cosmografía de España* di de Betanzos: "Villa de 1600 vecinos; cerrada por todas partes y con fortaleza más alta que el pueblo; bate la mar junto al adarve". Esta fortaleza da que fala era a torre de Lanzós que hoxe permanece ó lado do pazo da mesma familia, disfarzada de casa popular dende finais do s. XVIII. Haberá que rescatar a imaxe antiga dessa torre. Alonso de Lanzós, o señor do pazo e torre, foi no s. XV un dos capitáns dos irmánsidos.

## RÚA DE XOSÉ VEIGA ROEL, antes 2.ª TRAVESIA DO PROGRESO

O nome de 2.ª *Venela del Campo* foi sustituido no 1888 por 2.ª *Travesía del Progreso* e éste no 1981 por *Calle de José Veiga Roel*. Sendo Don Xosé Veiga (1894-1976) probablemente o artista betanceiro más importante do s. XX (debuxante, fotógrafo, pendolista,...) creemos que merecería unha rúa de maior importancia. Mais, de quedar aquí, convén que non se perda a palabra Progreso, xa que era moi usada no s. XIX (aínda hoxe tamén) e serviu para explicar moitos cambios e mesmo tamén algunas atrocidades, polo menos no terreo urbanístico.

4.— Hai casos nos que debe recuperarse o nome dunha rúa ou praza, áñda que somente sexa a nivel cultural e ó traveso do rótulo correspondente. Un destes casos é o da antiga RÚA DOS FERRADORES (no 1751, cando documentamos este nome, había 4 ferradores en toda a cidade), máis coñecida hoxe polos Soportais do Campo dentro da Praza dos Irmáns García Naveira. A necesidade desta recuperación está no feito de que ese nome explica unha función social perdida que daba sentido a ese espacio vital. Diante dos Soportais había ainda no 1878 4 ferradores dos 6 da cidade.

Outro caso é o da PRAZA DAS RODAS (en Santiago tamén hai unha Rúa das Rodas) probablemente na Rúa da Ribeira frente ó lateral N. das actuais escolas municipais e, antes delas, frente ó convento de San Francisco, destruído nos anos 70 do s. XIX para facer a travesía que vai da Rúa de San Francisco á da Ribeira. O nome de Rodas pode ser porque ali se fixeran e/ou venderan eses elementos para carros, dilixencias, zorras... Ó millor porque se enferraban ou algo semellante. Tamén era chamado ese lugar a finais do s. XIX (aínda hai xente que o recorda) *Plaza dos Bimbios* por venderse ali estes elementos vexetais para os vergueiros. Outro nome que se lle dou de xeito artificial dende o Concello foi *Picardel*. Pero o PICARDEL propio está no ángulo que deixa a confluencia da Avda. Linares Rivas e a carretera N.VI, encima da antiga Praciña de Cachiñas. Neste Picardel vendianse os repolos.

Un nome fermoso e documentado no s. XIX é o de PRACIÑA DO CURRO (Plazuela del...) que está entre a Rúa da Ribeira e a Rúa da Mariña e desemboca na 2.º Travesía da Mariña (actual *C. de Manuel Naveira*) sen saída hoxe polo outro extremo deica o Peirao. E un dos restos

máis importantes que quedan da medieval Rúa da Pescadería que fá dende o Peirao ata a popularmente chamada Praza do Cristo.

Con respecto á PRAZA DE PAIO FORMOSO é importante transcribir o que dí D. Antonio de Verín y González de Hevia na súa *Historia de la... Ciudad de Betanzos*, pp. 23 (manuscrito inédito no Arquivo Municipal de Betanzos que vimos citando) “*En los tiempos presentes [1812] se halla atollado el Río [Mandeo] en tal disposición, que los barcos grandes trincados no entran sino de mareas vivas. Yo me acuerdo de muchacho haber visto las Urcas, las Galeras, los Pataches, etc. anclados en la pescadería de esta Ciudad [peirao frente á Porta do Cristo], por cuyo motivo había una muralla redonda del alto de cuatro varas, y de ancho en círculo como de tres, y trabajada en mazizo que contenía unas argollas gruesas de fierro en donde se amarraban, y a esta muralla llamábamos el Guindaste, y en medio de la pescadería aun se conserva una columna de cantería con un fierro para colocar pesos para pesar el pescado, y le damos el nombre de palo formoso”.*

5.— A RÚA TRAVESA, nome tan antigo probablemente como a mesma cidade e que sigue perfectamente vivo na xente, ten emporiso hoxe como nome oficial “*Calle de José Antonio Primo de Rivera*”, apenas coñecido por ningún. Neste caso é claro que se impón a recuperación a nivel oficial do nome de sempre.

Di Verín con respecto ó “Hospital de Nuestra Señora de la Anunciada” (p. 27-28 do Manuscrito...): “*Este hospital dicen que lo fundó Basco García, Regidor de la Ciudad. Había en ella dos hospitales, el uno de San Bartolomé y el otro de San Cristóbal, de los cuales, y con lo que dio Basco García y limosnas de las buenas gentes, se fundó el dicho hospital... Estubo primero colocado dentro de la ciudad en la calle de la Ruatraviesa y después fundó el convento de Recoletas Agustinas junto a la Puentevieja adonde se trasladó con la misma advocación. Es patrona la Ciudad que asiste formada el Domingo de Pasquilla a la Misa Mayor...*”. Nese lugar da Rúa Travesa estivera antes o Hospital de San Bartolomé, que á súa vez sustituuiu a outro do que non coñecemos o nome (27).

Pois ben, ó traveso dalgunhas persoas, soubemos que detrás da casa da Rúa Travesa que hoxe ten o número 33 (antes 31) teñen aparecido restos humanos, o que podería deberse á existencia alí do cemiterio anexo ó antigo Hospi-

(27) Sobre os hospitais antigos da cidade, véxase Vales Villamarín, F.: *Las rutas jacobinas...* (citado). E tamén Ares Faraldo, M.: *Apuntes sobre el Barrio de la Magdalena hace dos siglos*, Anuario Brigantino, 1983; *Introducción a la historia del Hospital de San Antonio de Padua de Betanzos*, Anuario Brigantino, 1984.

tal da Anunciata e hospitais anteriores. Alguén nos dixo que se chamara "Casa de Misericordia", cousa que haberá que investigar. E unha casa moi vella, de cantería. O lado (a n.º 35 de hoxe) había outra semellante que desapareceu recentemente.

Entre a Rúa Travesa e a Rúa do Castro había unha rúa da que quedan restos do pavimento, formado polas tradicionais pedras de cantería. As casas antigas ali conservan ainda as fachadas. Polo NW tiña unha saída lateral deica a Rúa do Castro e de frente chegaba á Rúa da Cortaduria (hoxe da Pescadería). Polo S. saía á Rúa dos Prateiros frente ó Calexón da Porta da Vila. Pegado a este Calexón polo E., hai a tradición de que estaba o Polvorín da Cidade, precisamente ali xunto á muralla e á porta principal para a defensa. Cando recentemente se reedificou a casa dese sitio (pegada polo S. á muralla, por enriba da que vai o calexón) comprobamos que había dentro, na planta baixa, restos dunha construcción anterior con paredes grosas que ben poideran corresponder a ese lebrado polvorín. Queda a memoria de que nesa casa apareceron balas redondas de cañón antigo (datos xentilmente dados por don José Luis Fernández).

Este calexón constituía, ainda no 1877, unha entrada ou saída lateral da Porta da Vila. Mais tamén tivo outro ramal deica o E., bordeando por dentro ou por encima a muralla, posto que queda unha porta no calexón (pechada hoxe por dar a propiedades privadas) e outra (tamén fechada) na Rúa da Fonte de Unta, frente ó Convento das Monxas. Esta última porta ábrese a unhas monumentais e ben labradas escaleiras de cantería polas que se podía subir e baixar da muralla. Son escaleiras semellantes ás que hai no convento de Santo Domingo, polo que poderían datarse no s. XVII ou XVIII. Segundo lembran diversas persoas de familias antigas da cidade, ese traxecto tivo o nome de *Calexón das Almendas*.

6.— A 1.ª, 2.ª, 3.ª, 4.ª e 5.ª travesías de José Antonio Primo de Rivera; antes de ter este nome xa sufriran un proceso deshumanizador ó chamárselles 1.ª, 2.ª, 3.ª, 4.ª e 5.ª travesías da Rúa Travesa. A verdade é que ainda en documentos do s. XIX estas travesías tiñan auténtica personalidade, nomeándose da 1.ª á 5.ª: RÚA DO PASTEL, RÚA DOS SOMBREIREIROS, RÚA DA PASTELERÍA, RÚA DO OURO e RÚA DO PINCHE. Evidentemente, son nomes

\* Tamén se di que foi a casa da Inquisición.

(28) Estes nomes de sabor romántico e decimonónico atopámoslos tamén noutras cidades galegas: Rúa da Tristura, mais tarde Calle de la Amargura na Coruña (Naya Pérez, citado); Calle del Desengaño e Calle de la Amargura en Vigo (Díaz Alvarez, P., La Caracola de Piedra, Vigo, 1982), etc.

(29) Sobre este home poden verse diferentes traballos de don Francisco Vales Villamarín; a voz correspondente da Encyclopedie Gallega; Fernández del Riego, F. Hombres que hicieron Galicia: Antolín Faraldo, Vigo, 1978; Barreiro Fernández, J.R., Historia de Galicia IV. Edade Contemporánea, Vigo, 1981...

dinos de conservarse, nalgúns casos de moita beleza, pero por enriba de todo levan con eles a explicación dunha función social propia. E se ben pode haber algún nome que hoxe nos sone extraño, deben non obstante rescatarse todos, áinda que soio sexa por humanizar históricamente esas rúas e non deixalas reducidas a meras travesías que se distinguen unhas das outras por unha fría numeración correlativa como se dunha cidade nova se tratase.

Quedaba ainda outra travesía (sería a 6.ª) sen nome, mais tivemos a sorte de que don Xulio Cuns Lousa o atopara nas Actas Capitulares do 19-VIII-1873: "Calle del Desengaño [RÚA DO DESENGANO] que desde la Ruatraviesa baja a la Tercera de Clérigos, hasta cerrar el atrio de la Iglesia Parroquial de Sta. María". E o único nome que coñecemos dela e polo tanto debe conservarse (28).

7.— Rúas ás que se lles puxo un nome que antes pertencia a outras. Así, a "Calle de la Argentina" que antes estaba na tradicional Rúa do Rollo e agora sustitúe á "Calle de la Estación Pueblo". A "Calle de Manuel Naveira" que se puxera á Rúa Nova e agora está na "2.ª Travesía de la Marina". E a "Calle de Ana González" que antes daba nome á antiga Rúa de San Francisco e agora pasou á que era Travesía de San Francisco co nome de Calle de Ana González. Deste xeito, o que se crea é unha confusión non desexable. É un problema, polo tanto, que hai que revisar.

No caso concreto de *C. de la Argentina*, antes *Estación-Pueblo*, permitímonos propoñer que se recupere o nome dese lugar, anterior á chegada do ferrocarril: Marismas ou Xuncal de Curtidores. Quedaría: RÚA DO XUNCAL DE CURTIDORES.

8.— Non é posible deixar de facer unha reflexión con respecto ó nome da "Calle de Antolín Faraldo" (29). Aparece no 1981 oficialmente aplicado á anterior 1.ª Travesía del Progreso que viña do 1888. E bo que por fin algúna corporación se acordase de Antolín Faraldo, mais non é suficiente. Non parece coherente, nin é fácilmente explicable nos nosos días que leve o nome de Antolín Faraldo unha calexa e non unha praza. Si, unha praza, porque este home, este betanceiro, periodista, político,... é o máximo inspirador da "Revolución de 1846" en Galicia (foi secretario da Xunta Superior do Goberno de



Galicia ese ano) e ainda que fracasou naqueles momentos, o seu espírito constitue o punto de arranque para o rexurdimento de Galicia. E desta concienciación dos galegos como pobo virá, nun longo proceso, o primeiro Estatuto de Autonomía no 1936 e o segundo nos nosos días. Antolin Faraldo é, polo tanto, un dos que encenderon ese facho que hoxe alumea. E, por díci-lo dalgún xeito, o avó da Autonomía. Non hai que esquerer que unha especie de autonomía para Galicia era o que buscaba a "Revolución de 1846", que por certo trouxo consigo os fusilamentos de Carral e o do Sarxento Samitier en Betanzos, na Cruz Verde, tan perto de nós.

Unha praza digna na cidade nova por exemplo, a que se forma entre a *C. del Padre Francisco Blanco* e a *C. Venezuela*) co seu nome, PRAZA DE ANTOLIN FARALDO, cun moimento que o representa labrado en cantería polo escultor galego que millor proxecto presentase a un concurso que habería de convocarse, é tarefa non somente do Concello, senón tamén de toda Galicia.

9.— Ainda que poñer nomes novos a rúas e prazas tradicionais non é en principio aconseillable, hai unha excepción que pode aceptarse despois de escribirse en lingua galega: PRAZA DE GALICIA. Porque se trata do espacio que está frente ó Edificio Arquivo, o cal representa, como ningún outro, ó Antigo Reino de Galicia coas súas 7 naves alusivas ás 7 provincias, coa función para a que se fixo e co propio escudo central.

A "Plaza de Fernán Pérez de Andrade O Boo" como nome estaría ben posto de non ser porque nese lugar (frente ás igrexas de San Francisco e Santa María), que tivo moitos nomes po-

pulares (véxase cadro) pervive áinda o máis antigo de todos: o Azougue, que significa mercado. Por el a parroquia de Santa María enfrentouse á de Santiago no s. XV ata que no 1509 os tribunais decidiron: "el mercado propiamente dicho se tendría junto a la iglesia de Santiago; las ventas en tiendas particulares ubicadas regularmente en casas y puestos independientes se realizarían junto a Santa María do Azogue" (30). Entendemos, claro está, que *O Azougue* era mais que o mero adro da igrexa. A lóxica que vimos seguindo, imponnous a necesidade de propor para ese lugar o nome de PRAZA DO AZOUGUE.

10.— Hai casos nos que non se propón nada a efectos de rotulación. Esto non quere dicir que esas rúas e prazas non deban ter un nome. Ocurre que existe unha certa confrontación entre nomes oficiais e tradicionais e mesmo a posibilidade de poñer nomes novos por razóns diversas. Polo tanto, prefírese deixar a cuestión a nivel puramente informativo no cadro xeral.

#### ROTULACION

Nas súas características xerais, xa definímos de feito o tipo de rótulo que consideramos apropiado para as rúas e prazas de Betanzos, sobre todo para as antigas e/ou tradicionais, ó facer o deseño do da Praza da Constitución. Empregárase pedra de cantería e grabarase nela o nome en caracteres góticos semellantes ós existentes nas 3 igrexas do casco antigo. As letras pintaranse de color bermello para que resalten armónicamente.

Para maior comprensión do que propoñemos, presentamos gráficamente unha boa parte deses rótulos (31).

(30) José García Oro: Betanzos en la Baja Edad Media, Anuario Brigantino, 1984. p. 30.

(31) Moitas foron as persoas que nos axudaron a facer este traballo: don Julio Cuns Lousa aportounos a diario datos e ideas; a familia Couceiro a quem debemos datos da súa documentación privada e unha constante colaboración; don Hilario Gómez Pedreira que, ó traveso da familia Couceiro, nos permitiu publicar os debuxos inéditos de Jaspe; don Xesús Torres Regueiro que nos trouxo libros descoñecidos para nós e mesmo puxo á nosa disposición datos inéditos que sobre o mesmo tema él recollería; don Vicente da Fuente Garia, ex Alcalde, que nos comunicou a existencia dun informe de don Francisco Vales Villamarín que descoñecíamos; don Miguel González Fernández, historiador de Vigo, que puxo á nosa disposición bibliografía e datos históricos daquela zona; dona Margarita Llopis Ponte que nos mandou transcritos uns primeiros datos do Catastro de Ensenada; don Pedro Galán Simón; don Manuel Ares Faraldo; don Adolfo Sánchez; don José García; don Vicente García Blanco; don Antonio Noguerol Otero, etc. Estando no remate deste Anuario Brigantino 1985, deixounos, o 10-IV-1986, dona María de Concepción Lissarrague Leis, viuda de Pita, os 88 anos de edade, en Madrid. Persoa sinxela e boa coñecedora do seu Betanzos, solventounos moitas dúbidas, tanto para este traballo, como para outras cousas relacionadas co Arquivo, Biblioteca e Museo desta cidade. Para ela, unha agarimosa e agradecida lembranza.

## APENDICE DOCUMENTAL

*"Comparto o repartimiento ejecutado entre los vecinos de esta Ciudad [de Betanzos] sus Arrabales y Parroquia de San Martín de Brabio de la Cantidad de 5.549 reales y 5 maravedís que les correspondieron satisfacer los 4.844 y los 5 m. de ellos por respecto de la Contribución de Utensilios de el año 1824 y los 705 reales de sueldos de los Señores Diputados Generales que han sido de este Reino en la Corte..."* Archivo Municipal de Betanzos.

Rollo (6 vecinos)  
 Peso (5 vecinos)  
 Campo de la Feria (47 v.)  
 1.<sup>a</sup> Benela del Campo (18 v.)  
 2.<sup>a</sup> Benela del Campo (15 v.)  
 Calle de avajo de la Cruz Verde (25 v.)  
 Camino nuevo de la Cruz Verde (27 v.)  
 Barrio de la Cañota (7 v.)  
 Calle que vaja al Fuentedeunta (15 v.)  
 Calle y Caño del Fuentedeunta (49 v.)  
 Calle de sobre las Guertas del Fuentedeunta (38 v.)  
 Calle de Monjas (9 v.)  
 Quadrilla del Puenteviejo. Plazuela de la Aira Vieja (37 v.)  
 Calleja de Caraña (16 v.)  
 Calle de la Veiga (20 v.)  
 Calle de Nuestra Señora (82 v.)  
 Calle del Alfolí (69 v.)  
 Peirao (4 v.)  
 Calle de avajo de los Soportales de la Rivera y Puente Nuevo (19 v.)  
 Calle de Arriba de la Pescadería (49 v.)  
 Callexa (11 v.)  
 Sigue la Cera de la Calle de Arriva (28 v.)  
 Cera de arriva de la Calle de arriva de la Pescadería (61 v.)  
 Puente nuevo (29 v.)  
 Calleja del Puente nuevo y Calle de avajo (11 v.)  
 Calle de avajo de Cachiñas (17 v.)  
 Puerta de la Ciudad (8 v.)  
 Calle de la Plaza (25 v.)  
 Plaza Ral (7 v.)  
 Plazuela del Horno (6 v.)  
 Calle de la Ruanueba (47 v.)  
 Calle del Atrio (24 v.)  
 Puerta del Horrio (22 v.)  
 1.<sup>a</sup> Benela de la Cortaduria (4 v.)  
 2.<sup>a</sup> Benela de la Cortaduria (15 v.)  
 Plazuela de la Cortaduria (3 v.)  
 Benela 3.<sup>a</sup> de la Cortaduria (7 v.)  
 Casas Viejas (16 v.)  
 Calle de Herrerros (52 v.)  
 Calle 1.<sup>a</sup> de Noas (29 v.)  
 Calle 2.<sup>a</sup> de Noas (36 v.)  
 Calle de San Francisco (17 v.)  
 Calle 1.<sup>a</sup> de Clérigos (24 v.)  
 Calle 2.<sup>a</sup> de Clérigos (16 v.)  
 Calle 3.<sup>a</sup> de Clérigos (24 v.)  
 Calle del Pinche (8 v.)  
 Ruatraviesa (50 v.)  
 Calle del Oro (4 v.)  
 Calle de la Pastelería (2 v.)  
 Calle de los Sombrereros (2 v.)  
 Calle del Pastel (1 v.)  
 Calle de Plateros (26 v.)  
 Calle de Sobre la Muralla (17 v.)

Número total de vecinos: 1.205

*"Padrón general de Almas"*. Archivo Municipal de Betanzos, 1865

### *Barrio de la Ruanueva*

Puente nuevo (163 personas)  
 Puente nuevo de abajo (49 p.)  
 Cachiñas de abajo (151 p.)  
 Cachiñas de arriba (71 p.)  
 Plaza de la Constitución (55 p.)  
 Calle de la misma plaza (119 p.)  
 Puerta de la Villa (30 p.)  
 Plaza del Orno (22 p.)  
 Plazuela de las Casas Viejas (39 p.)  
 Primera venela de la Cortaduria (20 p.)  
 Segunda venela de la Cortaduria (37 p.)  
 Tercera venela de la Cortaduria (23 p.)  
 Cuarta venela de la Cortaduria (35 p.)  
 Plaza de la Verdura (23 p.)  
 Puerta del Orrio (74 p.)  
 Ruanueva (149 p.)  
 Atrio de Santiago (63 p.)

### *San Francisco*

Herreros (152 p.)  
 Calle 1.<sup>a</sup> de Noas (74 p.)  
 2.<sup>a</sup> de Noas (75 p.)  
 San Francisco (50 p.)  
 1.<sup>a</sup> de Clérigos (32 p.)  
 2.<sup>a</sup> de Clérigos (32 p.)  
 3.<sup>a</sup> de Clérigos (32 p.)  
 Sobre la Muralla (54 p.)  
 Plateros (53 p.)  
 Rua Traviesa (154 p.)  
 Sombrereros (16 p.)  
 Pastelería (11 p.)  
 Oro (4 p.)  
 Pinche (35 p.)  
 Manzana de la Ruatraviesa (12 p.)  
 Santa María (34 p.)

### *Barrio del Campo*

Campo (184 p.)  
 2.<sup>a</sup> venela del Campo (43 p.)  
 Rollo y Peso (97 p.)  
 Cruz verde (97 p.)  
 Camino de Castilla (149 p.)  
 Cañota (20 p.)  
 Sobre la Guertas de la Fuente (93 p.)  
 Soportales de la Fuente (56 p.)  
 Fuente de Unta (61 p.)  
 Monjas (71 p.)  
 Alfolí (15 p.)  
 Caño de la Fuente (103 p.)  
 Sobre las Guertas (46 p.)

### *Barrio de la Ribera*

Alfolí (105 p.)  
 Payo Formoso (14 p.)  
 Ribera de abajo (163 p.)  
 Peirao (151 p.)  
 1.<sup>a</sup> de Ruedas (36 p.)  
 2.<sup>a</sup> de Ruedas (19 p.)  
 Ribera de arriba (366 p.)


### *Barrio del puente viejo*


Aira vieja (46 p.)  
 Calleja de Caraña (71 p.)  
 Nuestra Señora (353 p.)  
 Veiga (102 p.)  
 Camino nuevo del Ferrol (93 p.)

CADRO INFORMATIVO XERAL

NOME OFICIAL 1981	NOMES DO S. XX anteriores a 1981	REFORMA DO 1888
1 Alcalde Beccaria, C. del	=	
2 Alcalde Tomás Dapena, C. del	=	
3 Alfonso IX, Plazuela de	Valdoncel, Plazuela del	<i>Plazuela del Valdoncel.</i>
4 Ana González, C. de	Ana González, Travesía de. C. de San Francisco (1926)	
5 Angeles, C. de los	=	<i>C. de los Angeles.</i>
6 Antolin Faraldo, C. de	Progreso, 1.ª Travesía del	<i>1.ª Travesía del Progreso</i>
7 Argentina, C. de la	Estación Pueblo, C. de la Juncal ó Marismas de Curtidores	
8 Brigantium Grupo de vivien- das protegidas.	=	
9 Cangrejera, C. de la	=	
10 Cañota, Rúa da	Castro de Unta-Cañota, C. de	O que hoxe é a R. da Cañota foi abarcado no 1888 pola “C. de los Angeles”.
11 Caraña, Travesía de	=	<i>Travesía de Caraña</i>
12 Carregal, C. del	=	<i>Travesía de la Plazuela del Val- doncel.</i>
13 Cascas, C. de las	=	<i>Camino de la Estación</i>
14 Castilla, Avenida de	Castilla, C. de	<i>Camino de Castilla</i>
15 Castro, Rúa do	Sánchez Bregua, C. de	<i>C. de Sánchez Bregua</i>
16 Cerca, C. de la	Pardiñas, C. de	<i>C. de Pardiñas</i>
17 Cervantes, C. de	=	<i>C. de Cervantes</i>
18 Cervantes, Pasillo de	=	<i>Pasillo de Cervantes</i>
19 Concepción Arenal, C. de	Aguiar Seijas, C. de	
20 Coruña, Avenida de La	=	
21 Cruz Verde, C. de la	=	 <i>C. de la Cruz Verde</i>
22 Cruz Verde, Prolongación	<i>Betanzos 85</i>	
23 Cruz Verde, Travesía de la	=	

NOMES DO S. XIX anteriores a 1888	NOMES DO S. XVIII 1751 (Catastro de Ensenada)	OUTROS NOMES antigos e/ou tradicionais	PROPOSTA PARA ROTULACION
			Rúa do Alcalde Beccaria.
			Rúa do Alcalde Tomás Dapena.
<i>Plazuela de Cachiñas</i> (1878)		<i>Feira Nova</i> (dende que se mercou o terreo para esa función no 1864). <i>Campo de la Feria.</i>	Praciña de Alfonso IX, antiga P. de Cachiñas.
"Apertura de la Calle de Trabesía" (12-VIII-1873 L. Actas)		<i>Calle Nova. Travesía de San Francisco.</i>	
<i>Camino de los Angeles</i> (1857)		<i>C. dos Anxeles.</i>	Rúa dos Anxeles.
1.ª venela del Campo (desaparece no 1888).		As veces aparece como 1.ª Trv. de la Plaza de Arines, ainda que non tivo oficialmente este nome.	
Juncal o Marismas de Curtidores			Rúa do Xuncal de Curtidores.
			Brigantium, grupo de vivendas protexidas.
			Rúa da Cangrexeira.
<i>Calle de sobre las Guerras del Fuentedeunta</i> (1824...) C. de la Cañota	<i>C. de la Cañota</i>		Rúa da Cañota.
<i>Calleja de Caraña</i> (1824)		<i>Calexa de Caraña.</i>	Calexa de Caraña.
		<i>Camiño do Carregal.</i>	Rúa do Carregal.
			Rúa das Cascas.
<i>Camino de Castilla</i> (1847)			Avenida de Castilla.
<i>C. de la Plaza y Puerta de la Villa. C. de la Plaza.</i>	<i>C. de la Plaza</i>	<i>C. del Castro</i> (s. XV).	Rúa do Castro.
C. de sobre la Muralla	<i>C. sobre la Muralla</i>	C. da Cerca. Encima da Cerca. Sobre la Cerca.	Rúa da Cerca.
I.ª venela de Noas. C. I.ª de Noas (1824...)	<i>C. de las Noas</i> (1751)	<i>C. de las Moas</i> (1600)	Rúa de Cervantes, antiga Rúa I.ª de Noas.
			Pasillo de Cervantes.
			Rúa de Concepción Arevalo.
<i>C. del Puentenuevo. C. del Puentenuevo de Arriba (?). C. del Puentenuevo de Abajo (?).</i>	<i>C. del Puentenuebo</i>	Calzada del Puente nuevo (1613).	Avenida da Coruña.
<i>C. de la Cruz Verde</i>	<i>C. de la Cruz Verde.</i> Nome frecuente nas xuderías. Aquí está tamén no barrio dos Xu-deos.	Camiño Real	Rúa da Cruz Verde.
			Alongamento da Rúa da Cruz Verde.
			Travesía da Cruz Verde.




NOME OFICIAL 1981	NOMES DO S. XX anteriores a 1981	REFORMA DO 1888
24 Curros Enriquez, C. de	Jesús García Naveira, 2.ª Travesía de	
25 Diaz de Lemos, C. de	=	C. de Díaz de Lemos
26 Doctor Fleming, C. del	=	
27 Emilia Pardo Bazán, C. de	=	
28 Emilio Romay, C. de	=	Nese lugar estivo a Alföndiga que dou nome á antiga Rúa do Rollo no 1888. Hai na cidade unha "Al- föndiga", así escrita, no 1594.
29 Enrique IV, Plaza de	=	Plazuela de Enrique IV
30 Fernán Pérez de Andrade "O Boo", Plaza de		
31 Ferreiros, Rúa dos	Roldán, C. de.	C. de Roldán
32 Fonte de Unta, Rúa da	Monjas, C. de las. Antes de che- gar ó Convento das Monxas, á de- reita, está o popular <i>Calexón do</i> <i>Forno da Fonte de Unta.</i> <i>Costa da Fonte de Unta.</i>	C. de las Monjas
		
33 Fraga Iribarne, Avenida de	= Carretera de Circunvalación	
34 Galera, C. de la	=	Calle de Galeras
35 Galicia, Plaza de	Hermanos García Naveira, Plaza de los. <i>Plaza de Arines.</i>	Plaza de Cassola (parte S.)
36 General Franco, Plaza del (Praza da Constitución, den- de 1983)	General Franco, Plaza del. <i>Plaza de la Constitución</i>	Plaza de la Constitución
37 Gral. Julio Pérez Salas, C. del	=	
38 Hermanos García Naveira Plaza de los	= <i>Plaza de Arines</i> (1897 a 1920-25)	Plaza de Cassola (1888-1897)

NOMES DO S. XIX anteriores a 1888	NOMES DO S. XVIII 1751 (Catastro de Ensenada)	OUTROS NOMES antigos e/ou tradicionais	PROPOSTA PARA ROTULACION
			Rúa de Curros Enríquez.
4.ª venela de la Cortaduria.			Rúa de Díaz de Lemos.
			Rúa do Doutor Fleming.
			Rúa de Emilia Pardo Bazán.
A Alföndiga era tamén chamada <i>Peso</i> (ali pesábanse os grans...) e este nome, asimismo, xuntouse ó de Rollo na forma. <i>C. del Rollo y Peso...</i> (véxase Rollo, C. del).			Rúa de Emilio Romay.
<i>Eira Vella, Aira Vella, Plazuela de la Aira Vieja (1819). P. de los Carros (1886)?</i>	<i>C. del Puenteviejo</i>		Praza de Enrique IV, antiga Aira Vella.
			Praza do Azougue.
<i>C. de Herreros (1824...)</i>	<i>C. de los Herreros</i>		Rúa dos Ferreiros.
<i>C. de la Cuesta del Fuentedeunta y Monjas (1871...). C. de la Fuente de Unta (1865...). C. que baja al Fuentedeunta + C. de Monjas (1824...).</i> Os soportais desta rúa empinada, que están baxando á dereita, chamábanse <i>Soportales de Noeses</i> no 1857. Os que están abaxo con base horizontal (encima da Rúa do Pozo) son os propios <i>Soportales da Fonte de Unta</i> .	<i>C. de Fuente Unta</i> 	Rúa de Francia Vallem Antiquam(1219)	Rúa da Fonte de Unta, antiga Rúa de Francia.
<i>Callejón de Cuchiñas</i>	<i>Puentenuebo</i> 	<i>C. da Galera. Puente-nuevo de Abajo o Gale-ras (despois do 1888).</i>	Avenida de Fraga Iribarne.
<i>Plaza do Campo. C. del Rollo (?). Campo de la Feria (1824).</i>			Rúa da Galera.
<i>Plaza Real (1824...) Plaza de Quiroga (1820-23) Plaza Real de Fernando VII (1814-20...). Plaza de la Constitución (1812-14...).</i>	<i>La Plaza</i> 	<i>Plaça del Castro (s. XV)</i>	Praza da Constitución, antiga Praza do Castro.
<i>Plaza do Campo. Campo de la Feria (1824). Campo de Agar (1820-21)</i>			Rúa do Xeneral Xulio Pérez Salas.
			Praza dos Irmáns García Naveira, antigo Campo da Feria.



NOME OFICIAL 1981	NOMES DO S. XX anteriores a 1981	REFORMA DO 1888
39 Hórreo, C. del	=	<i>C. del Hórreo</i>
40 Jesús García Naveira, Avd. de	= <i>C. del Camino de la Estación</i> (1888-1912).	<i>C. del Camino de la Estación</i>
41 José Alguero Penedo, C. de		
42 José Antonio Primo de Rivera, C. de	= <i>Avenida de Alfonso XIII</i> (década de 1920). C. de Pablo Iglesias (2.ª República)	<i>C. de la Ruatraviesa</i> (a duplicación de calle e rúa foi motivo de burla na época).
43 José Antonio Primo de Rivera, 1.ª Travesía de	= <i>1.ª Travesía de la Rúa Traviesa</i>	<i>1.ª Travesía de la Rúa Traviesa</i>
44 José Antonio Primo de Rivera, 2.ª Travesía de	= <i>2.ª Travesía de la Rúa Traviesa</i>	<i>2.ª Travesía de la Ruatraviesa</i>
45 José Antonio Primo de Rivera, 3.ª Travesía de	= <i>3.ª Travesía de la Rúa Traviesa</i>	<i>3.ª Travesía de la Rúa Traviesa</i>
46 José Antonio Primo de Rivera, 4.ª Travesía de	= <i>4.ª Travesía de la Rúa Traviesa</i>	<i>4.ª Travesía de la Rúa Traviesa</i>
47 José Antonio Primo de Rivera, 5.ª Travesía de	= <i>5.ª Travesía de la Rúa Traviesa</i>	<i>5.ª Travesía de la Rúa Traviesa</i>
48 José García Acuña, C. de	Marina, 3.ª Travesía de la	<i>3.ª Travesía de la Marina</i>
49 José Veiga Roel, C. de	Progreso, 2.ª Travesía de la	<i>2.ª Travesía del Progreso</i>
50 Lanzós, C. de	=	<i>C. de Lanzós</i>
51 Linares Rivas, Avda. de	= (xa existia no 1920)	
52 Mandeo, C. del	=	<i>C. del Mandeo</i>
53 Magdalena, C. de la	=	
54 Manuel Naveira, C. de	Marina, 2.ª Travesía de la	<i>2.ª Travesía de la Marina</i>
55 Marina, C. de la	=	<i>C. de la Marina. Puentenuevo o Marina</i> (fins s. XIX, R.P.).

NOMES DO S. XIX anteriores a 1888	NOMES DO S. XVIII 1751 (Catastro de Ensenada)	OUTROS NOMES antigos e/ou tradicionais	PROPOSTA PARA ROTULACION
<i>C. de la Puerta del Hórreo</i> (todo o s. XIX ata 1888) + <i>Plazuela de las Casas Viejas</i> (...1865-1888). <i>Puerta del Horrio</i> + <i>Casas Viejas</i> (1824).	<i>C. de la Puerta del Orrio</i>	<i>Orreum</i> (1219).	Rúa do Hórreo.
<i>Carretera de las Cascas</i> + <i>Carretera de Betanzos</i> a <i>La Golada</i> .			Avenida de Xesús García Naveira
			Rúa de Xosé Alguero Penedo.
<i>Ruatraviesa</i> (...1824...).	<i>Ruatraviesa</i>	<i>Rua Trabesa</i> (s. XV).	Rúa Travesa.
<i>C. del Pastel</i> (...1824...). Este nome chega ata 1888.			Rúa do Pastel.
<i>C. de los Sombrereros</i> (...1824...). Cando entre 1751 e 1769, se lle puxo á antiga <i>C. de los Sombrereros</i> o nome de <i>C. de los Plateros</i> , aquele nome trasladouse a esta travesia e nela perviviu ata 1888.	No 1751 dábase o nome de <i>C. de los Sombrereros</i> á que pouco mais tarde empezou a chamarxe, e hoxe ainda se chama, <i>C. de los Plateros</i> (...1769...).		Rúa dos Sobreireiros.
<i>C. de la Pastelería</i> (...1824...). Este nome chega ata 1888.	No 1751 hai unha <i>C. de la Pastelería</i> que, se non houbo traslados de nome, corresponde a esta mesma travesia.		Rúa da Pasteleria.
<i>C. del Oro</i> (...1824...). Este nome chega ata 1888.			Rúa do Ouro.
<i>C. del Pinche</i> (...1824...). Este nome chega ata 1888.			Rúa do Pinche.
<i>2.ª venela del Campo</i> (...1824...).			Rúa de Xosé Veiga Roel, antes 2.ª Travesia do Progreso.
<i>C. del Atrio</i> (1824,1887) <i>C. del Atrio de Santiago</i> (1865). <i>C. 1.ª del Atrio</i> + <i>C. 2.ª del Atrio</i> + <i>Manzana del Atrio</i> (1847).			Rúa de Lanzós.
		<i>Travesia de Betanzos.</i>	Avenida de Linares Rivas.
		<i>Carretera de Villalba.</i>	Rúa do Mandeo.
		<i>Magdalena y Mallo</i> (expresión de fins do s. XIX no Rexistro da Propiedade).	Rúa da Magdalena.
<i>C. de la Ribera de Abajo</i> (1865). <i>C. de Abajo</i> (1857). <i>C. de Abajo de la Ribera</i> (1847). <i>C. de Abajo de los Soportales de la Ribera y Puente-nuevo</i> (1824).	<i>C. de Avaxo de la Pesquidería.</i>		Rúa da Mariña

NOME OFICIAL 1981	NOMES DO S. XX anteriores a 1981	REFORMA DO 1888
56 Martin Ballesteros, Albergue de	=	
57 Ntra. Sra. del Camino, C. de	=	<i>C. del Cementerio</i>
58 Otero Pedrayo, C. de	Jesús Garcia Naveira, 1. <sup>a</sup> Travesía de	
59 Padre Francisco Blanco, C. del	=	
60 Peirao, Plaza del	Marina, Plazuela de la. Neste século coñecíase por <i>Plazuela (ou Plaza) de la Marina</i> á tamén chamada <i>Plaza do Cristo</i> , por estar nela un cruceiro que se trouxo de enfrente ó Parque Municipal e que hoxe desapareceu.	<i>Peirao o Ribera de Abajo hoy Marina</i> (fins. s. XIX, R.P.). <i>Puentenuevo o Marina</i> (fins s. XIX, Rexistro da Propiedade).
61 Pescadería, C. de la (dende a C. de Cervantes ata a Santiago).	=	<i>C. de la Pescadería</i>
62 Pintor Seijo Rubio, C. del	=	
63 Plateiros, Rúa dos	Méndez Núñez, C. de	 <small>Fábrica de Curtiduría "La Magdalena" de don Marcelino Echeverría. Dibujo de Antonio Jaque, 1885.</small> <i>C. de Méndez Núñez</i>
64 Porta da Vila	Ensanche de Portal	Formaba parte da <i>C. de Sánchez Bregua</i> .
65 Pozo, Rúa do	Castro de Unta-Pozo, C. de	<i>C. del Castro de Unta</i>
66 Quiroga, C. de	=	<i>C. de Quiroga</i>
67 Ramón Beade, Paseo de		
68 Ramón Cabanillas, C. de	Jesús Garcia Naveira, 3. <sup>a</sup> Travesía de	
69 Ribera, C. de la	= C. de Fermín Galán (2. <sup>a</sup> República). Nela estaba o Alfoli (almacén de sal dende a Baixa Edade Media) chamado popularmente no s. XX <i>O Funil</i> .	<i>C. de la Ribera</i>

NOMES DO S. XIX anteriores a 1888	NOMES DO S. XVIII 1751 (Catastro de Enseñada)	OUTROS NOMES antigos e/ou tradicionais	PROPOSTA PARA ROTULACION
			Albergue de Martín Ballesteros.
<i>C. de Nuestra Señora del Camino. (...1847 ata 1888).</i> <i>C. de Nuestra Señora (...1824...).</i>		<i>La Calle. Calçada que sube a nuestra Sra. del Camino (1698).</i>	Rúa de Nosa Señora do Camiño.
			Rúa de Otero Pedrayo.
			Rúa do Frade Francisco Blanco.
<i>Puentenuevo de Abajo (?). Puentenuevo. Peirao (1824, 1847, 1865...)</i>  Esta rúa era abarcada pola C. de la Cortaduria (documentada no s. XVIII e XIX ata 1888)	<i>Puentenuebo</i>		Praza do Peirao.
			Rúa da Pescaderia.
<i>C. de los Plateros (de pouco antes do 1769 ata 1888) Anteriormente, chamábase (ainda no 1751). C. de los Sombrereros, nome que se trasladaría despois a unha das travesías da Rúa Travesa¹ (a 2.ª).</i>	<i>C. de los Plateros (de os anos 1751-1769 ata 1888).</i>  <i>C. de los Sombrereros (ata os anos 1751-1769).</i>		Rúa dos Prateiros.
No 1887 debía formar parte da C. de la Plaza. No 1824 e 1847 documentase como <i>Puerta de la Ciudad</i> independente de C. de la Plaza.		No 1751 a C. de la Puerta de la Villa de adentro refirese á parte alta e llana da actual Rúa dos Plateiros e quizais ó comezo da Rúa Nova que no s. XIX e mesmo despois do 1888 se chamaba <i>Plazuela del Horno</i> . A C. de la Puerta de la Villa de afuera (1751) refirese ás casas que estaban pegadas á muralla ós dous lados da Porta da Vila por fora. <i>Puerta de Castilla</i> no s. XV.	Porta da Vila.
<i>C. del Caño del Fuentedeunta + C. de los Soportales del Fuentedeunta (...1847 ata 1888).</i> <i>C. y Caño del Fuentedeunta (1824).</i>			Rúa do Pozo.
<i>2.ª venela de Noas. C. 2.ª de Noas (...1824 ata 1888).</i>			Rúa de Quiroga, antiga Rúa 2.ª de Noas.
<i>C. del Afoli + C. de la Ribera de Arriba (1865)</i> <i>C. del Afoli + C. de Arriba (1857).</i> <i>C. del Afoli + C. de Arriba de la Ribera (1847).</i> <i>C. del Afoli + C. de Arriba de la Pescadería (1824).</i> <i>A. C. del Afoli</i> debía abracer dende a Ponte Vella ata a Porta do Cristo.	<i>C. del Afoli + C. de Arriva [de la Pescadería].</i>		Paseo de Ramón Beade.  Rúa de Ramón Cabanillas.  Rúa da Ribeira, antiga Rúa do Afoli.

NOME OFICIAL 1981	NOMES DO S. XX anteriores a 1981	REFORMA DO 1888
70 Roldán C. de	=	<i>C. de Roldán</i> (abarcaba toda a antiga Rúa dos Ferreiros. Hoxe somente a parte alta).
71 Rollo, C. del	Argentina, C. de la	<i>C. de la Alhóndiga</i>
72 Rosalia de Castro, C. de	=	
73 Rúa Travesa, Manzana de la	José Antonio Primo de Rivera, Manzana de	<i>Manzana de la Ruatraviesa</i>
74 Rúa Nova	Manuel Naveira, C. de	<i>C. de la Ruanueva + Plazuela del Horno</i> (aparecen os dous nomes no Padrón de 1889).
75 Saavedra Meneses, C. de	= Camiño Novo	<i>C. de Saavedra Meneses</i>
76 Sánchez de Taibo, C. de	=	<i>C. de Sánchez de Taibo</i>
77 San Francisco, C. de	Ana González, C. de (este nome data de 1922-1923). <i>C. de San Francisco</i> .	<i>C. de San Francisco</i>
78 Santa Maria, C. de	=	<i>C. de Santa María</i>
79 Santa Maria, 1.ª Travesia de	=	<i>1.ª Travesía de Santa María</i>
80 Santa Maria, 2.ª Travesia de	=	<i>2.ª Travesía de Santa María</i>
81 Santa Maria, 3.ª Travesia de	= <i>C. del Cristo de la Ribera</i> (1929) <i>C. del Cristo</i> (1926). Estes dous nomes aparecen en planos da cidade.	<i>3.ª Travesía de Santa María</i>
82 Santiago, C. de	=	<i>C. de Santiago</i>
83 Torre, C. de la	=	<i>C. de la Torre</i>

NOMES DO S. XIX anteriores a 1888	NOMES DO S. XVIII 1751 (Catastro de Ensenada)	OUTROS NOMES antigos e/ou tradicionais	PROPOSTA PARA ROTULACION
<i>C. de los Herreros.</i>	<i>C. de los Herreros.</i>		Rúa de Roldán.
<i>C. del Rollo (1887). C. del Rollo y Peso (1865, 1871). C. del Rollo + C. de la Alóndiga (1857). C. del Rollo y Peso (1847). C. del Rollo + C. del Peso (1824).</i>			Rúa do Rollo.
<i>C. del Rollo</i>			Rúa de Rosalia de Castro.
<i>Manzana de la Ruatrviesa. (1847, 1865).</i>			
<i>C. de la Ruanueba + Plazuela del Orno (tamén C. del Orno) (1857). C. de la Ruanueba + Plazuela del Horno (1847). C. de la Ruanueba (1824).</i>	<i>C. de la Ruanueba.</i>	Documéntase xa no s. XVII	Rúa Nova.
<i>Camino del Ferrol (1859, 1865). C. del Camino nuevo del Ferrol (1857).</i>	<i>Puenteviexo (aparece como barrio mais ben).</i>		Rúa de Saavedra Meneses.
<i>3.ª venela de la Cortaduria (1857, 1865, 1887). C. 3.ª de la Cortaduria (1847). Benela 3.ª de la Cortaduria (1824).</i>			Rúa de Sánchez de Taibo.
<i>C. de San Francisco (todo o s. XIX).</i>	<i>C. de San Francisco.</i>		Rúa de San Francisco.
<i>C. de Santa María (1847, 1857, 1865, 1871...).</i>	<i>C. de los Clérigos.</i>		Rúa de Santa María, antiga Rúa dos Clérigos.
<i>1.ª venela de Clérigos C. 1.ª de Clérigos (...1824 ata 1888).</i>			1.ª Travesía de Santa María, antiga 1.ª venela dos Clérigos.
<i>2.ª venela de Clérigos C. 2.ª de Clérigos (...1824 ata 1888).</i>			2.ª Travesía de Santa María, antiga 2.ª venela dos Clérigos.
<i>3.ª venela de Clérigos C. del Carral (1847). C. 3.ª de Clérigos (1.824, 1857, 1865, 1871 ata 1888).</i>			Rúa do Cristo.
<i>Plaza de la Verdura (...1865 ata 1888).</i>			Rúa de Santiago, antiga Praza da Verdura.
<i>C. de la Cortaduria (ata 1888). Abarcaba o que dende 1888 é a C. de la Torre mais a C. de la Pescadería (enténdese a rúa da Pescadería nova que se situou xunto á igrexa de Santa María, onde hoxe, refeito o edificio, permanece).</i>	<i>C. de la Cortaduria</i>		Rúa da Torre, antiga Rúa da Cortaduria.

NOME OFICIAL 1981	NOMES DO S. XX anteriores a 1981	REFORMA DO 1888
84 Torre, 1. <sup>a</sup> Travesía de la	=	1. <sup>a</sup> Travesía de la Torre
85 Torre, 2. <sup>a</sup> Travesía de la	=	2. <sup>a</sup> Travesía de la Torre
86 Valdoncel, C. del	= C. de García Hernández (2. <sup>a</sup> Re- pública). C. de Valdoncel o cami- no nuevo de Cachiñas (1909, Ac- tas). Camiño Novo.	C. del Valdoncel
87 Venezuela, C. de		



Probablemente ésta é a carrilana que fa á Estación do Ferrocarril de Betanzos Infesta. Debuxo de António Jaspe arredor do 1885.

NOMES DO S. XIX anteriores a 1888	NOMES DO S. XVIII 1751 (Catastro de Ensenada)	OUTROS NOMES antigos e/ou tradicionais	PROPOSTA PARA ROTULACION
<i>C. 1.ª de la Cortaduria</i> (1847). <i>1.ª benela de la Cortaduria</i> (1824, 1865, 1878 ata 1888).			1.ª Travesia da Torre, antiga 1.ª venela da Cortaduria.
<i>C. 2.ª de la Cortaduria</i> (1847). <i>C. de Cachiñas</i> (1857). <i>2.ª benela de la Cortaduria</i> (1824, 1865, 1878 ata 1888).	<i>C. de Cachiñas + C. de Bandonzel.</i>		2.ª Travesia da Torre, antiga 2.ª venela da Cortaduria.
<i>C. de Cachiñas y Puente nuevo</i> (1878). <i>C. de arriba de Cachiñas</i> (1857). <i>Cachiñas de arriba</i> (1865). <i>C. de avajo de Cachiñas</i> (1824, 1857). <i>Cachiñas de abajo</i> (1865). Debaixo da hoxe chamada curva do Valdoncel estaba a <i>Plazuela de Cachiñas</i> (1878).			Rúa do Valdoncel.

*Os debuxiños que se intercalan foron feitos por Antonio Jaspe en Betanzos ou nos arredores no 1885.*



